



Saúde Laboral

Boletín nº 51

Nº 51 MAIO 2024 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

MONOGRÁFICO SECTOR FORESTAL

SUMARIO

A FONDO

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E INCENDIOS FORESTAIS NA GALIZA:

- ACHEGAMENTO Á REALIDADE DO EUCALIPTO NA GALIZA
- A SEGURIDADE LABORAL NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
- PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DA XUNTA DE GALICIA
- EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS CANCERÍXENAS NAS ACTIVIDADES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
- POSICIÓN DA CIG ANTE A SITUACIÓN DOS SERVIZOS CONTRA INCENDIOS NA GALIZA E OS PROXECTOS DE LEI DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS
- PROXECTOS DE LEI BÁSICOS DE BOMBEROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS
- POSICIÓN DA CIG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DO ESTATUTO BÁSICO DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS
- POSICIONAMENTO E ACHEGAS DA CIG AO "ANTEPROXECTO DE LEI BÁSICA DE AXENTES FORETAIS/MEDIOAMBIENTAIS"

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



Prevencción de Riscos Laborais e INCENDIOS FORESTAIS NA GALIZA



Ao longo deste Boletín CIG-Saúde Laboral. Monográfico Sector, imos abordar a problemática de prevención de riscos laborais do persoal traballador dos dispositivos contra incendios na Galiza. Para acometer este obxectivo e poder proporcionar unha visión o máis ampla e completa posible, na primeira parte deste artigo procedemos a explicar a actual situación da estrutura forestal do noso País, as súas características e a interrelación das mesmas cos incendios forestais que se veñen producindo historicamente nas últimas décadas na nosa terra.

Deseguido procedemos a expoñer unha análise dos riscos na prevención e extinción de incendios no sector agrario a través dun estudo realizado sobre esta materia polo grupo de traballo técnico de incendios forestais da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), no que entre outras cuestións e de maneira xeral relaciónanse as tarefas máis significativas na loita contra incendios forestais, identificándose as principais carencias detectadas e expoñéndose a continuación unha relación de propostas para mellorar e/ou solucionar ditas carencias.

Posteriormente procedemos a expoñer unha parte especialmente significativa do vixente Plan de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia para o persoal dos servizos de extinción de incendios: bombeiros/as forestais e Axentes medioambientais/forestais, no que se identifican con precisión os riscos laborais por posto de traballo e actividade e as medidas correctoras previstas.

A continuación faise unha referencia específica aos riscos derivados da exposición a substancias canceríxenas por parte do persoal contra incendios, para deseguido proceder a abordar a posición sindical da CIG fronte aos dous proxectos de lei actualmente en vía de tramitación no Parlamento español: *Proxecto de Lei básica de axentes forestais e ambientais* e *Proxecto de Lei básica de*

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E INCENDIOS FORESTAIS NA GALIZA

ACHEGAMENTO Á REALIDADE DO EUCAUPTO NA GALIZA

- > O gran problema do eucalipto na Galiza
- > Consecuencias da expansión do eucalipto na Galiza
- > O eucalipto e os incendios na Galiza

A SEGURIDADE LABORAL NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- > CAUSAS DOS INCENDIOS
- > CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS TAREFAS CONTRA INCENDIOS
- > RELACIÓN ENTRE COLECTIVOS DE PERSOAS TRABALLADORAS E ACCIDENTES MORTAIS MÁIS FRECUENTES
- > ESTACIONALIDADE
- > XORNADAS DE TRABALLO
- > AS TAREFAS PRINCIPAIS NA LOITA CONTRA INCENDIOS
- > CARENCIAS DETECTADAS E PROPOSTAS realizadas polo grupo de expertos do grupo de traballo da CNSST

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DA XUNTA DE GALICIA

- > IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS POR: POSTO DE TRABALLO E TAREFA + MEDIDAS CORRETORAS ASOCIADAS

EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS CANCERÍXENAS NAS ACTIVIDADES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

POSICIÓN DA CIG ANTE A SITUACIÓN DOS SERVIZOS CONTRA INCENDIOS NA GALIZA E OS PROXECTOS DE LEI DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS

- > descoordinación, inoperatividade e decisións unilaterais
- > Situación laboral do persoal contra incendios
- > Acordo de mellora das condicións de traballo

PROXECTOS DE LEI BÁSICAS DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS

POSICIÓN DA CIG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DO ESTATUTO BÁSICO DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS

POSICIONAMENTO E ACHEGAS DA CIG AO "ANTEPROXECTO DE LEI BÁSICA DE AXENTES FORESTAIS/MEDIOAMBIENTAIS"

bombeiros forestais. Proxectos estes aos que a CIG presentou unha batería de alegacións no canto de mellorar os mesmos e conseguir un avance real nas condicións de traballo e na seguridade laboral dos traballadores/as galegos/as contra incendios do noso País.

Esperamos que a lectura deste monográfico contribúa a que teñades unha maior información deste importante sector para Galiza, á vez que unha visión máis completa e precisa da súa problemática e das solucións que a CIG propugna para o mesmo.

ACHEGAMENTO Á REALIDADE DO EUCALIPTO NA GALIZA

Actualmente a industria forestal de Galiza factura ao redor de 1.800 millóns de euros anuais e xera o 3,5% do PIB da noso País. Este sector emprega directamente preto de 25.000 persoas traballadoras e indirectamente ao redor de 50.000.

Galiza conta cunha superficie forestal de 2 millóns de hectáreas que representan máis do 7% da superficie forestal de todas as CCAA. Nesta superficie realízanse o 50% das talas de madeira que se efectúan en todo o Estado, o que pon de manifesto a capacidade produtiva do noso sector forestal nesta actividade e o seu peso no conxunto do Estado.

A importancia do sector forestal galego, sitúase como unha referencia a nivel estatal e europeo.

Galiza conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arborecidas das que se aproveitan anualmente ao redor de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, o 50% da produción total do conxunto do Estado.

Datos do Inventario Forestal Continuo

Tal e como recolle o Inventario Forestal Continuo, Galiza conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arborecidas, das cales o 42,5 % da superficie correspóndese con frondosas (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (máis de 422.000 ha) e eucalipto (máis de 409.000 ha).

Dos 3 millóns de hectáreas que ocupa a nosa Comunidade, 2 millóns (67%) son consideradas forestais, e destes 1,4 millóns están arborecidas, o que supón o 46%.

CLASES ARBOREDO	FORESTAL ARBOREDO (Hectáreas)	FORESTAL NON ARBOREDO (Hectáreas)	NON FORESTAL ARBOREDO (Hectáreas)	EN REXENERACIÓN (Hectáreas)	TALAS 2022 (Hectáreas)	INCENDIOS 2022 (Hectáreas)	ÁREAS QUEIMADAS (Hectáreas)	TOTAL (Hectáreas)
FRONDOSAS	593.011	49	14.905	3.796	2.154	4.263	1383	619.561
CONÍFERAS	363.963	26	4.571	28.362	13.657	9.167	2.597	422.344
EUCALIPTO	367.472	13	5.710	21.259	12.953	1.133	486	409.026
OUTRAS	-	-	-	6.401	-	-	-	6.401
TOTAL	1.324.446	88	25.186	59.817	28.765	14.564	4.465	1.457.331

O gran problema do eucalipto na Galiza

O eucalipto é unha árbore autóctona de Australia. A calidade das súas fibras para a obtención de pasta de papel e as súas capacidades de desenvolvemento e colonización, favoreceron a rápida expansión desta árbore no mundo. Actualmente podemos atopar eucalipto nos 5 continentes. Tal foi a súa expansión que se declarou especie invasora en países como Colombia, Estados Unidos, Chile, Sudáfrica e varios países de Europa. Como curiosidade, cabe destacar que o Goberno de Es-

paña negouse á declaración do eucalipto como especie invasora a pesar de senllos informes científicos que destacaban a capacidade da árbore de desprazar a flora local en comunidades como Galiza, País Vasco, Cantabria ou Asturias.

O eucalipto é considerado un invasor a escala global. Unha vez crece o primeiro exemplar, non tarda en colonizar todo o terreo circundante, está deseñado para sobrevivir en climas semi húmidos e calorosos. Algunhas melloras evolutivas das que goza o eucalipto son a latencia das súas sementes,

que poden estar varios anos inactivas ata que se cumbran as condicións necesarias. Tamén a excreción de axentes químicos como alcois, que inhiben o crecemento da flora coa que compite. Sen mencionar a alteración do substrato onde enraíza, o cal acidifica e erosiona, e que só é posible recuperar tras varios anos de labor.



As dúas grandes variedades de eucalipto en Galiza son o *nitens* e *globulus*. O *globulus* é a especie máis estendida polo territorio galego. Hai unha década propúxose a substitución do *globulus* polo *nitens*, dado que esta especie ten menos velocidade de propagación. Con todo, o *nitens* adáptase mellor a temperaturas máis frías e a maiores alturas, polo que está destinado a ocupar os espazos onde o *globulus* non crecía. Con todo, o proceso de “mellora” da especie do eucalipto é constante xa que, debido ao seu aproveitamento industrial, está en constante hibridaxe en laboratorio. Búscase adaptar especificamente o eucalipto á área en que se xera a plantación. Facéndoo máis resistente e aumentando a súa capacidade de reprodución e crecemento.

O principal problema do eucalipto en Galiza radica na súa capacidade de adaptación e medre. O eucalipto medra a razón de 1 metro por ano, aínda que algunhas fontes indican que pode chegar a medrar máis de 4 metros por ano. Seguramente pola mellora xenética que se alcanzou durante décadas de hibridaxe. Se o comparamos con outras especies como o carballo (25cm/ano) ou o castiñeiro (1,5m/ano), o eucalipto asombra pola súa velocidade de desenvolvemento. Podemos dicir que non hai árbore que compita co eucalipto na nosa terra.

A maior parte do eucalipto talado en Galiza é destinado á fabricación de pasta de papel. Outra gran porcentaxe transfórmase en aglomerado e un mínimo é utilizado para xerar produto de alto valor como materiais de construción ou navais. En canto á pasta de papel xerada, a práctica totalidade é exportada ao estranxeiro. Tralo proceso de elaboración noutras rexións de Europa, é devolta como papel e cartón.

O certo é que fóra de tales usos, o eucalipto carece de valor. As persoas do rural non adoitan gozar dos beneficios desta madeira xa que é limitada-mente apta para a fabricación de mobles ou a queima en cheminea. Trátase dunha madeira moi dura e difícil de serrar. Cando se seca adoita tender a retorcerse, polo que non é apta para a fabricación de mobles. Con todo, é unha madeira moi dura, resistente ao exterior, polo que é habitual atopalo como vigas ou travesas. No queimado en cheminea, ademais do seu cheiro, contén gran cantidade de aceites que xeran residuos e faíscas na combustión.

Consecuencias da expansión do eucalipto na Galiza

Aínda que na actualidade acumúlanse moitos “estudos”, artigos e campañas publicitarias (fakes) promovidas por aquelas empresas e particulares que se aproveitan economicamente da expansión do cultivo do eucalipto, así como partidos da dereita política (no caso galego o PP) que tentan sacar a maiores rendemento político destas campañas de enganos e mentiras para manipular a opinión da poboación galega sobre esta cuestión, sen importarlles o máis mínimo as desastrosas consecuencias que este fenómeno ten para o presente e o futuro ecolóxico, económico e medioambiental do noso País; a realidade é moi tozuda e esta nos indica con meridiana claridade a inmensa falsidade dos argumentos utilizados polos sucesivos gobernos do PP na Galiza para avalar e incluso continuar promovendo activamente a expansión das plantacións de eucalipto na nosa terra.

A primeira consecuencia desta adaptación do eucalipto é a súa capacidade de desprazamento da flora local. Ao crecer tan rápido, os brotes de carballos ou castiñeiros non teñen nada que facer e non son capaces de competir. Aínda que é certo que o eucalipto non ten unha estrutura de copa especialmente tupida e deixa atravesar a luz, o eucalipto segrega substancias químicas que inhiben o crecemento da flora ao seu redor. O conflito co eucalipto reside no seu rápido aumento de masa, que xera unha loita desigual con outras especies.

Outra cuestión é a rápida propagación das súas raíces. Un medre tan espontáneo require dunha cantidade moi elevada de recursos. As raíces propáganse rapidamente ao longo da súa etapa de

medraxe absorbendo todos os nutrientes. Ademais, este esforzo de desenvolvemento require cantidades enormes de auga. Xa que a estrutura natural do eucalipto está deseñada non para manter a humidade, se non para gastala no seu desenvolvemento. Como consecuencia, calquera especie que tente sobrevivir ao seu redor está condenada á deshidratación e a desnutrición.



O eucalipto busca auga e para saciar as súas necesidades colle, de maneira abundante, o recurso que necesita. Isto é o que provoca que nalgúns zonas esgote os recursos hídricos. Estímase que un eucalipto consome por día uns 20 litros de auga. É dicir, que se cada hectárea contén de media unhas 1.000 árbores, iso implica un consumo diario de 20.000 litros, que traducidos a metros cúbicos, significa 20 m³ por hectárea e por día.

Así mesmo acontece que o eucalipto é unha especie de aproveitamento industrial, cunha elevada rendibilidade (aínda que moi por debaixo por exemplo do castiñeiro). Polo que independentemente do desastre medioambiental e ecolóxico que producen, hai persoas que consideran que o medioambiente de todos lles pertence só a eles e fan o posible por cultivar esta planta. Desta forma

prodúcense talas de arboredos autóctonos para ser substituídos por eucaliptos. Pode que algúns dos incendios sexan motivados pola posibilidade de recalificar ou transformar terreos. De bosque a pasto, de frondosas a eucalipto ou de rural a urbano. En calquera caso e por mor do PP temos unha lexislación moi cativa e intencionadamente insuficiente para impedir que estes casos poidan acontecer, mediante a prohibición explícita e taxativa de novos cultivos de eucalipto na Galiza e un plan público e avanzado de eliminación sistemática da gran maioría das plantacións existentes.



O eucalipto e os incendios na Galiza

Nun artigo realizado por *La Voz de Galicia* sobre a comparecencia nunha comisión do Parlamento de Galiza do *exdirector xeral de Montes da Xunta Alberte Blanco*, publicada o día 23 marzo do 2018, este afirmaba **que o eucalipto «está na raíz da problemática incendiaria» en Galiza**, aseverando que é absolutamente necesario «confinar» o seu espazo, ante a «imposibilidade de eliminalo», avogando por un consenso político non partidista en políticas forestais.

Advertía xa naquel entón Alberte Blanco que é **imprescindible «limitar e reducir» a superficie de**

eucalipto porque hai «un descontrol moi importante que terá consecuencias»

Propuxo actuar prioritariamente en zonas de «alto risco» e de «difícil acceso» de eucaliptos para previr incendios e progresivamente ir delimitando a contorna do espazo para rebaixar a expansión desa especie.

Blanco calculou que Galiza pasou de ter hai un século unhas 300.000 hectáreas de zonas arborecidas a 1,5 millóns de hectáreas actualmente, principalmente pola implantación de piñeiro e de eucalipto como parte dunha estratexia política de «dedicar o monte á produción industrial», que xerou problemas nunha sociedade fundamentalmente agraria.

Subliñou que «o eucalipto disparouse de forma espectacular» a partir da segunda metade do século pasado coa instalación da planta de fabricación de pasta de celulosa de Ence na ría de Pontevedra.

Calculou que naquel intre, 2018, había unhas 287.000 hectáreas de bosques de «puro eucalipto» e unhas 433.000 hectáreas máis de «masas mixtas» dese e outras árbores, que contrasta coas 450.000 hectáreas que hai en Australia, un territorio 260 veces maior e do que é orixinaria esa especie.

Para Blanco, as zonas de eucalipto en Galiza «deberían estar delimitadas» co fin de «evitar a súa proliferación incontrolada» xa que «é unha especie pirófito que crece máis tras os incendios» e que ademais **«provoca erosión e deterioración do manto forestal, porque «drena moita auga e estraga os mananciais».**

Galiza **«ten un problema de caos forestal propiciado por esa especie»**, salientou ante os deputados e

considerou que **o sector industrial «non pode estar por enriba dos intereses do noso País»**. *Circunstancia esta que polo visto actualmente volta a suceder, coa espuria intención do PP de facilitar ao grupo ALTRI a instalación dunha mega celulosa monstruosa no corazón da Galiza.*

O bosque galego está en serio risco de supervivencia. Cada ano produce máis da metade da madeira que se corta en todo o Estado, mais a cambio agocha unha trampa que está a encher de mistos un dos territorios máis inflamables de Europa. O noso verde bosque atlántico, o do carballo e o castiñeiro, está a perder terra día a día fronte ao invasor eucalipto, unha especie exótica que xa alcanza case un terzo da masa forestal galega e que ten unha íntima e directa relación cos incendios forestais e coa destrución ecolóxica e medioambiental da nosa terra.

Un dos moitos problemas que xera o eucalipto é que este acumula moito combustible aos seus pés, é inflamable, podendo orixinar moi doadamente focos secundarios en lumes con vento. Ademais, ao ser unha especie pirófito, é dicir que sobrevive e reproduce despois do lume, remata por colonizar o terreo expulsando ás nosas especies autóctonas.

En apenas unha xeración, o eucalipto apropiouse do monte galego: xa ocupa unha área semellante á provincia de Pontevedra e achega en torno ao 2% do PIB da comunidade autónoma. Fíxoo grazas ao desleixo, cando non promoción, dos distintos Gobernos do Partido Popular en Galiza e á insaciable demanda de Ence, a gran papeleira multinacional, que ten no eucalipto o seu principal negocio.



O despoboamento rural, o abandono da actividade agraria propiciada polo PP, así como o cambio climático, están aumentando o problema do eucalipto en Galiza, que conta cun 36% da súa superficie en terreos de difícil aproveitamento. Mesmo Ence recoñece a preguntas do medio *Orde Mundial* no artigo “A febre do eucalipto: especulación e lume en Galiza”, publicado o 19 de xullo de 2023, que “o abandono da xestión é unha das principais ameazas do sector, se non a principal”, e que “non son necesarias novas plantacións”.

Sen un mantemento continuo, os eucaliptais convértense nun auténtico polvorín.

Ao longo de moito tempo, a Xunta —gobernada polo Partido Popular durante 37 dos 42 anos de autonomía— mirou cara outro lado, sen apenas información sobre a evolución das plantacións. A súa política forestal tivo como única guía un inventario estatal a cargo do *Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico* que analiza o estado do monte no Estado unha vez por década.

Os escasos datos dispoñibles, de feito, amosan que o eucalipto en Galiza non se queima nunha proporción maior á superficie que ocupa. Pero analizado de forma illada, é a especie que máis riscos supón nun gran incendio, tanto en termos de propagación como de extinción.



Para comezar, o lume avanza o dobre de rápido nun eucaliptal que nun carballal autóctono. Aínda que esa velocidade é maior no caso dun piñeiral, o eucalipto é a única especie capaz de expandir as lapas a grandes distancias, tal e como se deduce da *Foto-guía de combustibles forestais de Galiza*, un extenso traballo científico publicado en 2016. A pesar diso, só en 2022 Ence destinou 236 millóns de euros a mercar madeira deste tipo de plantacións, xeralmente en mans de particulares.

“Pola morfoloxía e os aceites do eucalipto, os incendios adoitan ser máis virulentos e con vento xeran pavesas [ascuas que viaxan ata a dous quilómetros de distancia] que poden dar lugar a focos secundarios e atraparnos”, confirma *David López*, xefe de brigada dos bombeiros forestais da Mariña Lucense, no artigo de *Orde Mundial*.

Para medrar con rapidez e alzarse sobre outros competidores, os eucaliptos —cuxa pulpa úsase principalmente para fabricar papel— necesitan grandes cantidades de luz e auga. Son árbores alongadas e rectas que concentran o seu desenvolvemento na copa, con follas de caras idénticas que viran co vento e apuntan cara ao chan para aproveitar ao máximo posible os raios solares.

A principal consecuencia desa estratexia de crecemento é que deixan pasar moita luz e acumulan moita matogueira aos seus pés. Coa calor do verán, e a sequía do chan provocada polos eucaliptos, esa vexetación sécase e convértese en combustible xunto coas cortizas e as polas caídas dos propios eucaliptos.

“Os incendios en eucaliptais son máis difíciles de controlar porque en moitos casos non están debidamente xestionados e enfrontámonos a moita máis biomasa”, explica o bombeiro forestal *David López* no artigo de *Orde Mundial*. O seu compañeiro *Ángel González*, despregado na localidade de Padrón, fala de “un bucle eterno” no que o eucalipto “modifica o chan, hai un incendio, moren outras especies e rebrota, colonizando espazos abertos”. Pero insiste en que “a clave é a xestión”, unha frase que repiten todas as fontes consultadas pero que cada vez é máis difícil de levar á práctica tras décadas de inacción institucional.

A Xunta aprobou co Goberno do popular Manuel Fraga un plan forestal en 1992 que prevía unhas 245.000 hectáreas de eucalipto en Galiza para 2030. Con todo, esa cifra xa se excede probablemente no ano 1998, e en 2022 ascendía a 409.026 hectáreas, o 28% de toda a masa forestal galega. O obxectivo sempre foi prover de madeira a Ence, que se converteu no líder europeo en produción de celulosa de eucalipto tras ser privatizada por completo en 2001 e exporta a inmensa maioría da súa produción.

Neste contexto de barbarie medioambiental e falla de criterio económico sustentable, a Xunta de Galicia do PP chegou mesmo a defender nos tri-

bunais ao sector do eucalipto para evitar que a especie fose declarada invasora no Estado español, logo de que un informe *do Comité Científico de Medio Ambiente* recomendase facelo. Entre os seus argumentos, este órgano consultivo das comunidades autónomas e o Ministerio de Agricultura incluíu o **elevado risco de incendios, a alteración do ecosistema e a dificultade de erradicación da especie.**

A pesar do seu avance completamente descontrolado, Alberto Núñez Feijóo, xefe do Executivo galego entre 2009 e 2022, esperou ata 2021 para actualizar o plan forestal de 1992. O eucalipto xa case duplicaba a superficie prevista para 2030, pero fíxoo para establecer unha ridícula redución de apenas o 5% para o ano 2040 que unha vez máis só pretendía enganar a opinión pública galega. Pouco despois lexislou tamén unha moratoria para impedir novas plantacións ata 2026, aínda que, iso si, excluíu da mesma os terreos nos que xa estaba presente. O actual candidato á presidencia do Goberno chegou a asegurar que non hai «mellor plan de pensións» que o sector forestal.

Tralo anuncio da moratoria, moitos propietarios apresuráronse a talar outras árbores e plantar eucalipto para poder seguir facéndoo nun futuro. E aínda que a Xunta asegura que vivía o cumprimento da regulación, basta con darse unha volta pola Galiza rural para observar esa gran mentira e ver que os incumprimentos da lei son frecuentes. O agora presidente galego, o tamén conservador Alfonso Rueda, declarou nunha rolda de prensa en xuño que o obxectivo segue sendo “producir máis, vender máis e a mellores prezos”.

Esta política propiciou que o eucalipto se apropiase do litoral galego, a zona cun clima máis húmido e tépedo da comunidade autónoma. Nos últimos anos, con todo, a chegada dunha nova especie resistente a temperaturas máis frías —*nitens* en lugar de *globulus*— está a permitir que a árbore penetre nos territorios interiores do noso País.



A SEGURIDADE LABORAL NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

O presente apartado deste monográfico está extraído do documento “ANÁLISE DOS RISCOS NA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO SECTOR AGRARIO”, elaborado polo subgrupo: Incendios no sector agrario; da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST).

A seguridade do persoal é a premisa fundamental que debe guiar todas as accións de defensa contra incendios forestais. O concepto de seguridade aquí referido debe abarcar o proceso de selección do persoal, a súa formación, o equipamento e as propias operacións de extinción.

A análise sistemática dos riscos no sector dos incendios forestais foi abordado por vez primeira no Estado español no ano 2009 por un grupo de tra-

ballo da *Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo* (CNSST), que finalizou nunha serie de propostas recollidas neste documento:

CAUSAS DOS INCENDIOS

Os incendios son, ademais dun factor ambiental natural, o resultado da actividade antrópica (producida pola actividade do ser humano) realizada nas zonas rurais. A distribución do número de sinistros e superficies afectadas segundo causas é a seguinte:

De forma xeral, as causas dos incendios forestais clasifícanse en cinco grandes grupos:

- Raio
- Neglixencias e causas fortuítas
- Intencionados
- descoñecidas
- Reproducións de incendios anteriores.

A intencionalidade inclúe tanto a acción dolosa como a culposa do causante e, por iso, inclúense neste apartado as queimas agrícolas, de eliminación de matogueira e de rexeneración de pastos que se deixan arder de forma incontrolada, abandonando o causante o lugar, e pasando ao monte, aínda que non sexa intención do autor facer dano noutros terreos forestais.

Nos últimos 40 anos, e tralo traspaso de competencias nesta materia ás Comunidades Autónomas, as tarefas de extinción de incendios forestais pasaron de ser unha actividade secundaria das administracións forestais a ser a actividade principal dun colectivo profesional máis ou menos especializado.

Esta evolución motivou que en diferentes Comunidades Autónomas seguíanse distintos camiños.

Dende un punto de vista laboral, este feito orixinou diferenzas moi significativas na organización do traballo e sobre todo no grao de especialización e dedicación das persoas traballadoras, o que afecta directamente á súa seguridade e saúde.



CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS TAREFAS CONTRA INCENDIOS

As relacións laborais e regulamentarias destas persoas traballadoras presentan peculiaridades, das cales podemos considerar como xerais as seguintes características:

- Traballo ao aire libre nas horas centrais do día e en días calorosos.
- Traballo con ferramentas manuais, e con ferramentas mecánicas (motoserras e motobombas).
- Traballo con maquinaria pesada (vehículos autobomba, buldózer, avións e helicópteros).
- Traballo continuado (laborais, domingos e festivos) por quendas, horarios nocturnos e rotación do persoal.
- Traballos vinculados con mobilidade e desprazamentos.
- Xornadas prolongadas.
- Disponibilidade fóra de xornada e en días de descanso.

- Afastamento e dispersión dos lugares de traballo.
- Traballo en condicións de elevado estrés.
- Traballo en situacións perigosas de alto risco para as vidas humanas e os bens. *Debido a que cada vez se producen incendios que están máis achegados a núcleos poboacionais, son máis habituais as tomas de decisión ou triaxes nas que se debe decidir en cada caso as prioridades das actuación, das que se derivan consecuencias que deben ser explicadas e xustificadas fronte á veciñanza afectada (característica aportada por Xulio Saiáns)*



Ademais do mencionado anteriormente, convén resaltar que o traballo de extinción de incendios forestais conleva condicións específicas dos traballos de control de emerxencias:

- A imprevisibilidade do fenómeno “incendio forestal”, cuxo comportamento está suxeito a leis físicas nas que interveñen tantas variables que neste momento non permite prever a súa evolución.
- A dificultade de controlar o risco xerado polo propio lume, cuxa extinción en ocasións conleva necesariamente a exposición directa ao fenómeno causante do risco.

Debemos reseñar que tamén en moitos casos, as tarefas habituais das persoas traballadoras que

interveñen na loita contra incendios forestais inclúen traballos selvícolas de carácter preventivo.

RELACIÓN ENTRE COLECTIVOS DE PERSOAS TRABALLADORAS E ACCIDENTES MORTAIS MÁIS FRECUENTES

A) Tripulantes de aeronaves

Neste caso, o accidente mortal prodúcese como consecuencia do impacto do aparello contra o terreo. Xeralmente as causas hai que buscalas na especial situación na que se traballa, onde se alcanzan as condicións límite de operación da aeronave, circunstancias nas que un fallo técnico ou un erro humano impiden calquera posibilidade de rectificación. Os intervalos de tempo nos que adoita ocorrer o accidente son o momento da descarga de auga sobre o incendio e os segundos inmediatos anteriores ou posteriores.

Hai outras circunstancias nas que se pode considerar que o accidente se debe a cuestións estritamente aeronáuticas e que non poden relacionarse directamente co incendio (aínda que o motivo de operar a aeronave fose o incendio) e que non se distinguen do resto de accidentes da aviación comercial.

B) Persoal compoñente de brigadas terrestres

Entre os accidentes mortais ocorridos ao persoal terrestre na loita contra os incendios forestais hai que distinguir dous grupos:

1. Accidentes mortais causados polo propio incendio

A causa principal de accidente mortal na loita contra o incendio foi o atrapamento entre as lapas debido á propagación explosiva da fronte do incendio, xa sexa por circunstancias atmosféricas

(investimento térmico e inestabilidade atmosférica) ou debidas ao comportamento do lume (topografía, consumo enerxético do lume e atmosfera inestable).

2. Accidentes mortais ocorridos por causas sobrevidas

O factor principal de causa sobrevida adoita ser o accidente cardiovascular; os restantes repártense entre accidentes de tráfico, contactos eléctricos e accidentes en tránsito polo monte.

C) Condutores de maquinaria pesada e bombeiros

No caso dos condutores de maquinaria pesada, a forma principal de accidente mortal é o envorco da máquina, mentres que no caso dos bombeiros/as é o accidente de tráfico.

D) Persoal alleo ao dispositivo de incendios

En principio, nos accidentes sufridos por persoal non pertencente ao dispositivo de extinción identifícanse as mesmas causas anteriormente mencionadas, cun elemento engadido xa coñecido: o cambio do vento. Esta circunstancia é prevista polos equipos actuais, pero no que respecta ás persoas alleas, e que circunstancialmente son afectadas por un incendio forestal, non é algo que analicen nin prevexan.

As informacións anteriores amosan que a pesares da evolución técnica experimentada (os cambios de vento xa non sorprenden case nunca), séguense producindo accidentes debidos ao descoñecemento ou mala interpretación do comportamento do lume, ao non cumprimento íntegro das medidas de seguridade e, dato importante, a situacións alleas ao propio incendio e que son máis graves do espe-

rible, infarto de miocardio do traballador/a por unha banda, e riscos do tráfico rodado pola outra.

Non sempre resulta doado obter datos oficiais e contrastados sobre a sinistralidade nos traballos de extinción de incendios forestais, debido principalmente a que as circunstancias do sector motivan frecuentemente a infradeclaración de accidentes leves.



ESTACIONALIDADE

Outra circunstancia especial a ter en conta vén determinada pola estacionalidade dos sinistros producidos. Até agora esta singularidade da estacionalidade ten dificultado a continuidade laboral dos equipos contra incendios, a súa maior profesionalización e polo tanto a mellora da prevención de riscos e da súa seguridade no traballo.

A característica da estacionalidade é ata o momento actual a causante de dous fenómenos directamente relacionados coa forma de enfocar as políticas preventivas:

- Os profesionais encargados da coordinación e xestión dos traballos de extinción, en xeral persoas traballadoras da administración durante todo o ano, teñen que complementar as súas funcións na extinción de incendios forestais

con outro tipo de traballos (en bombeiros/as outros incidentes e en forestais as tarefas de xestión ordinarias), o que resulta en detrimento dun maior nivel de especialización.

- O persoal que ocupa os postos de traballo de niveis inferiores (cuadrillas de terra e heli-transportadas, vehículos autobomba, peóns, vixiantes etc.), salvo excepcións, non traballa todo o ano, o que provoca unha elevada taxa de renovación das persoas traballadoras.



Así mesmo, a estacionalidade e a dureza do propio traballo están a producir que nalgúns zonas non se atopen traballadores/as para cubrir a demanda. O número de inmigrantes recentemente chegados que traballan no sector está a aumentar, o que xera riscos adicionais debidos ás dificultades de comunicación, polo pouco dominio do idioma que ás veces teñen.

Hai que sinalar que a estacionalidade é distinta segundo as áreas xeográficas do Estado, así temos que:

- Ate agora a meteoroloxía fixo que a época estival de maior risco fora máis prolongada no Sur e o Leste peninsular, así como nos arquipélagos; circunstancia esta que está a mudar co-

mo consecuencia do vertixinoso cambio climático que estamos a experimentar, estendéndose o risco de incendio practicamente á maior parte do ano e en toda a xeografía peninsular.

- Os usos e costumes agrarios marcan unha elevada tendencia á queima no período invernal moito máis marcado no terzo Norte e no Noroeste peninsular.
- A adaptación dos operativos de extinción á realidade social existente na contorna rural de cada territorio motiva que a estacionalidade laboral dependa enormemente da política de emprego que se aplica en cada territorio que non sempre se corresponde coa estacionalidade dos incendios.
- Na realidade galega, debido ao dito anteriormente e tamén como consecuencia do abandono masivo do rural e a conseqüente redución das actividades forestais e agropecuarias, estase a producir un continuo incremento do biocombustible (mato seco, herbas, toxos, polas secas, etc.). As persoas que antes mantiñan os camiños limpos, mantiñan terras agrarias e levaban o gando a pacer, non foron suplidas por outras que fagan ese traballo, fundamental para crear zonas de interrupción de lumes forestais.
- Existe unha importante variable que se considera na loita contra os incendios forestais que é a “dispoñibilidade do combustible”. Isto que-re dicir que aínda que exista ese combustible, este pode estar en disposición de arder ou non. O exemplo mais claro témolo no acontecido recentemente na Mariña, onde no 2023 producíronse os lumes mais importantes dese ano,

nunha zona onde non acostumaba a arder a pesares de ter esta moito combustible, mais que non estaba dispoñible. Mais como vimos comentando debido a moitos factores (desertación, mudanza climática, seca...) ese combustible pasou a estar dispoñible e en grandes cantidades, transformándose nun factor de gran importancia para o inicio, o mantemento, a propagación e a virulencia do lume.

XORNADAS DE TRABAJO

Son moitísimos os incendios que nos últimos anos necesitaron de máis de 12 h de traballo continuado para a súa extinción.

A gran cantidade de incendios e a súa magnitude, incrementada nos últimos anos, precisan traballos de extinción prolongados no tempo, e ilustran a frecuencia real destas situacións que adoitan xa a non ser excepcionais.

Aínda que as estatísticas non reflicten a duración da xornada de traballo do persoal no incendio, pódese afirmar que é moi frecuente que a xornada de traballo sexa moi prolongada, chegando en ocasións a superar as 12 h de forma continuada.

Nalgúns territorios e en determinados postos, o traballo de extinción e as horas extraordinarias que conleva, prodúcense despois dunha xornada ou parte dela realizando traballos forestais ordinarios (podas, roces, etc.).

Moitos incendios son considerados como sinistro ou situación de emerxencia para a poboación, o que xustifica estas xornadas tan prolongadas como medidas excepcionais necesarias polo interese común. Este feito é considerado como excepción

para a regulación vixente sobre xornadas de traballo. A única regulación que non admite excepcións é a do período de descanso entre dúas xornadas consecutivas regulada na normativa laboral.



Resulta indiscutible que os riscos para as persoas traballadoras implicadas na extinción aumentan a medida que se prolonga o tempo continuado de traballo. O cansazo físico acumulado, as condicións de hidratación e alimentación, e o estado mental ao que levan estes excesos aumentan considerablemente o nivel de risco a que está sometido o traballador/a e a súa capacidade de reacción fronte a situacións non previstas.

Un caso particular deste incremento do risco é o regreso dos equipos de extinción ao seu lugar de descanso despois do traballo. Os incendios que requiren de máis tempo para a súa extinción tamén adoitan requirir de máis medios, o que obriga a realizar longos desprazamentos por estrada aos equipos de traballo menos próximos para reforzar aos equipos locais. É habitual que os condutores que desprazan devanditos equipos de traballo tamén realicen traballos de extinción, e cando estes terminan realicen seguidamente o transporte de todo o equipo ao seu lugar de orixe.

Esta situación levou a algunhas administracións a establecer límites máximos para a duración da

xornada de traballo, mentres que moitas outras non regularon este respecto. De feito algunhas das conclusións obtidas por grupos de expertos tras episodios de incendios prolongados corroboran a necesidade de establecer quendas de traballo máis reducidas, así como de sistematizar o aloxamento e descanso dos traballadores/as en instalacións adecuadas antes de realizar traxectos prolongados de regreso.



AS TAREFAS PRINCIPAIS NA LOITA CONTRA INCENDIOS

Aínda que na primeira parte deste artigo xa se apuntaron algúns dos riscos presentes na loita contra os incendios forestais, é necesario facer mención expresa aos mesmos nunha sección aparte.

O obxecto da sección que agora nos ocupa é o de amosar a diversidade de riscos laborais que coexisten nos traballos relacionados coa loita contra os incendios forestais.

Á hora de poder poñer de manifesto cales son os principais riscos aos que se enfrenta a persoa traballadora na súa actividade diaria, o primeiro paso a considerar é a discriminación das diferentes tarefas ou operacións que teñen lugar na loita contra os incendios. A este respecto, elaborouse unha táboa (ver táboa 1) na que se desagregan as

tarefas máis significativas que se realizan neste ámbito. Para iso agrupáronse en catro grandes actividades:

- A. Actividades para a prevención do incendio.
- B. Actividades para a detección do incendio.
- C. Actividades para a extinción do incendio.
- D. Actividades complementarias nos labores de prevención e extinción de incendios.

Dentro de cada actividade detalláronse as tarefas ou operacións máis relevantes que teñen lugar na actualidade dentro deste sector. A diferenciación de cada unha das tarefas realizouse desde a óptica da prevención de riscos laborais e tratouse de incluír nas mesmas aos postos que comparten un gran número de riscos.

Antes de finalizar este apartado é necesario aclarar algún dos conceptos recollidos no mesmo:

- Aínda que se fala de riscos, nesta relación non se calculou nin a súa probabilidade de aparición, nin as consecuencias da materialización do dano. Iso fai que este termo non responda á definición de risco dada pola Lei de Prevención de Riscos Laborais no seu artigo 4º. Por iso, en sentido estrito, habería que denominalos perigos, e non riscos. Aínda así, optouse por falar de riscos dada a extensión do uso deste termo no sector no que nos movemos.
- A listaxe de riscos é non exhaustiva, o que significa dúas cousas. A primeira é que non todos os riscos sinalados teñen por que existir nas tarefas analizadas. A segunda, é que poden existir riscos que non estean recollidos no cadro adxunto ou que non estean sinalados no mesmo.

- O descrito no presente apartado non pode, baixo ningún pretexto, ser utilizado como base para a realización dunha avaliación de riscos do posto. A avaliación debe ser específica, polo que cada caso concreto debe ser analizado no seu contexto real.
- Aínda que non se incluíu na listaxe adxunta, hai unha serie de tarefas ou operacións diferentes

que coinciden no tempo e no lugar. Sirva de exemplo, o feito de que os medios aéreos poden estar a descargar auga nun punto no que hai unha cuadrilla traballando. Aos riscos propios do traballo da cuadrilla habería que engadir aqueles ocasionados pola descarga da auga. Estas circunstancias deberán ser tidas en conta ao realizar unha análise exhaustiva de cada situación.

TÁBOA 1. TAREFAS MÁIS SIGNIFICATIVAS NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

A. ACTIVIDADES PARA A PREVENCIÓN DO INCENDIO

TAREFAS/ OPERACIÓNS	DESCRICIÓN
Uso de ferramentas manuais: corte, cava-do, raspado, descorche, poda, apilado de residuos, despoboado.	Traballador/a con ferramenta manual, que se despraza a pé polo terreo, e que realiza diversas accións.
Uso de máquinas (motoserra, podadora, motodesbrozadora).	Traballador/a con ferramenta a motor, que se despraza a pé polo terreo, e que realiza diversas accións.
Queima controlada.	Traballador/a, que se despraza a pé polo terreo, e realiza queimas controladas con axuda dunha fonte de ignición (o máis usual é utilizar un chisqueiro convencional).
Operacións con maquinaria pesada (buldozer, tractor).	Conductor/a de maquinaria pesada, autopropulsada, que realiza diversos traballos (apertura de cortalumes, camiños, etc.). Non inclúe ningunha operación realizada fóra da cabina de mando da máquina.
Operacións con maquinaria auxiliar (astilladora, equipo de descortizado, ...).	Conductor/a de maquinaria auxiliar, autopropulsada, que leva a cabo diversas actividades (astillado, descortizado, etc.). Non inclúe ningunha operación realizada fóra da cabina de mando da máquina.
Acompañante de maquinista.	Persoa que se despraza a pé polo terreo, que acompaña (a unha distancia de seguridade) á máquina autopropulsada.
Dirección técnica e xestión de traballos para a prevención de incendios forestais.	Traballo de xestión e dirección (tanto en fase de gabinete como no traballo no campo).

B. ACTIVIDADES PARA A DETECCIÓN DO INCENDIO

TAREFAS/ OPERACIÓNS	DESCRICIÓN
Operación de traballo en emisora.	Traballo na central ou posto de emisoras. Ademais da utilización da emisora, inclúense tarefas complementarias de tipo administrativo.
Vixilancia en caseta.	Vixilancia do terreo dende unha caseta. Inclúe tarefas complementarias tales como o uso dunha emisora.
Vixilancia en torreta.	Vixilancia do terreo dende unha torreta. Inclúe tarefas complementarias tales como o uso dunha emisora.
Vixilancia móbil.	Vixilancia do terreo dende unha unidade móbil. Inclúe tarefas complementarias tales como o uso dunha emisora.
Dirección técnica e xestión de traballos de extinción de incendios forestais.	Traballo de xestión e dirección. O posto de traballo pode estar, ou non, ubicado no lugar do incendio.

Planificación de tarefas de extinción de incendios forestais.	Traballo de planificación. O posto de traballo pode estar, ou non, ubicado no lugar do incendio.
Coordinación de medios aéreos na extinción de incendios forestais.	Inclúe tanto o traballo desenvolvido dende a central de emisoras, como o posto ubicado no lugar do incendio.
Montaxe e desmontaxe de tendidos de manguera.	Traballador/a a pé que monta e desmonta os tendidos de manguera existentes nun vehículo de extinción de incendios forestais. Non inclúe o ataque ao incendio.
Extinción con auga e/ou produtos retardantes ou espumantes mediante mangueras.	Traballador/a a pé, con manguera, que realiza un ataque (directo ou indirecto) ao incendio.
Extinción con auga aplicada con mochilas de extinción.	Traballador/a a pé, con mochila de extinción, que realiza un ataque (directo ou indirecto) ao incendio.
Eliminación de lapa con batelumes e con ferramentas manuais (azadas, machados, rastrillos, ...).	Traballador/a con ferramenta manual (incluíndo batelumes), que se despraza a pé polo lugar do incendio, traballa xunto ás lapas.
Eliminación de combustible con ferramentas mecánicas (motoserra e motodesbrozadora).	Traballador/a con ferramenta mecánica motorizada, que se despraza a pé polo terreo e elimina vexetación.
Realización de contralumes mediante aplicación de lapa.	Traballador/a, que se despraza a pé polo terreo e realiza queimas (contralumes) con axuda dunha fonte de ignición (o máis usual é utilizar un chisqueiro convencional).
Remate de rescoldos tras descargas de medio aéreo (auga e/ou produtos retardantes ou espumantes) con ferramenta variada.	Traballador/a con ferramenta manual variada, que se despraza a pé polo lugar do incendio e remata os rescoldos que permanecen trala descarga dos medios aéreos.
Sufocación de lapa co emprego de terra.	Traballador/a con ferramenta manual, que se despraza a pé polo terreo, que bota terra sobre focos quentes.
Condución de vehículo de extinción por estrada, camiño forestal ou terreo sen camiño.	Conducir/a do vehículo. Só se inclúe o desprazamento co vehículo, non as accións de extinción que poda levar a cabo dende fóra do mesmo.

C. ACTIVIDADES PARA A EXTINCIÓN DO INCENDIO

TAREFAS/ OPERACIÓNS	DESCRICIÓN
Condución dun vehículo de extinción mentres un traballador/a a pé extingue con auga do mesmo, desprazándose -traballador/a a pé e vehículo- ao mesmo tempo.	Conducir/a do vehículo. Só se inclúe o posto de condución do vehículo, non as accións de extinción que se levan a cabo dende fóra do mesmo.
Manexo de bomba hidráulica.	Manipulación da bomba hidráulica que proporciona auga para a extinción.
Extinción con auga por traballadores/as a pé dende un vehículo de extinción en movemento, desprazándose -os traballadores/as a pé e o vehículo- ao mesmo tempo.	Traballador/a que manexa unha manguera, e se despraza a pé xunto ao vehículo de extinción. Non inclúe o posto de condución do vehículo.
Carga e descarga de equipos auxiliares (mangueras, conexións, mangotes de aspiración, etc. ...).	Carga e descarga de equipos, sen incluír nin a súa utilización nin a condución do vehículo que os transporta.
Carga e descarga de tractor de cadeas de góndola de transporte por estrada.	Inclúe todas as operacións necesarias para cargar e descargar os tractores nas góndolas de transporte.
Cambio do ángulo de pa angledozer de tractor de cadeas.	Inclúe todas as operacións necesarias para cambiar o ángulo de pa do tractor de cadeas. Non inclúe a condución do tractor na extinción do incendio.

Extinción en ataque directo/indirecto usando un tractor de cadeas por terreo forestal.	Condución dun tractor de cadeas para a realización dun ataque directo ou indirecto ao incendio. Non inclúe ningunha das operacións nas que a persoa traballadora non estea na cabina de condución do vehículo.
Eliminación de vexetación con tractor de cadeas por terreo forestal.	Condución dun tractor de cadeas para a eliminación de vexetación en terreo forestal. Non inclúe ningunha das operacións nas que a persoa traballadora non estea na cabina de condución do vehículo.
Transporte de persoal con helicóptero.	Posto de condución do helicóptero. Inclúe tanto a saída como a toma de terra con persoal a bordo. Non inclúe os traballos de extinción con auga.
Transporte de cargas e materiais con helicóptero.	Posto de condución do helicóptero. Inclúe tanto a saída como a toma de terra con cargas e materiais a bordo. Non inclúe os traballos de extinción con auga.
Operacións de cargas e descargas de auga sobre incendio con helicóptero ou avión (carga, transporte e descarga).	Inclúe todas as operacións necesarias para poder realizar a descarga de auga sobre o incendio (carga, transporte e descarga). Non inclúe as tarefas de transporte de persoal dun lugar a outro.
Condución de medios aéreos en tarefas de extinción de incendios.	Posto de condución de medios aéreos. Inclúe todos os desprazamentos nestes medios salvo os mencionados en puntos anteriores.
Remate de rescoldos tras extinción con tractor de cadeas.	Condución de tractor de cadeas sobre terreo forestal, sen incluír calquera operación realizada fóra da cabina de mando do mesmo.

D. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS LABORES DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

TAREFAS/ OPERACIÓNS	DESCRIPCIÓN
Desprazamento ata o terreo.	Calquera transporte de persoal en vehículos terrestres (se exclúen os transportes por medios aéreos) ata o posto de traballo. Non inclúe ningún labor de extinción propiamente dito.
Investigación de causas.	Traballador/a que se despraza a pé, ou sobre vehículo, sobre o terreo afectado polo incendio, unha vez finalizado o mesmo. Inclúese tanto o traballo de campo como o de gabinete.
Condución de vehículo de transporte de maquinaria.	Condución de vehículos de transporte de maquinaria sen incluír os labores de carga e descarga da mesma.

Á vista das táboas adxuntas, pódense destacar dúas ideas:

1ª. Na loita contra incendios forestais hai unha gran variedade de tarefas cuxa execución implica uns riscos específicos para a persoa traballadora. É necesario coñecer detalladamente cada unha destas tarefas para poder identificar e avaliar os riscos en cada unha delas. As tarefas descritas, e os seus riscos asociados, non están illadas no tempo, senón que ten lugar unha interacción en-

tre elas que fai máis complexa a misión de eliminar, e se non é posible, controlar os riscos laborais aos que están expostos os traballadores/as.

2ª. Non só existe o risco xerado polo propio incendio, senón que o medio no que se traballa (terreo forestal), os equipos utilizados (máquinas, ferramentas manuais, e outros) ou a organización do traballo, teñen un papel fundamental na xeración de riscos, polo que o seu control é prioritario á hora de garantir a seguridade e saúde dos traballadores/as.

CARENCIAS DETECTADAS E PROPOSTAS

realizadas polo grupo de expertos do grupo de traballo da CNSST

1. SELECCIÓN DE PERSOAL

1.1. CARENCIA

As diferentes apreciacións sobre a idade mínima que deben ter os traballadores/as que realicen as súas actividades en prevención ou extinción adoitan xerar algunhas dúbidas en relación á súa eficacia e rendemento.

Doutra banda, e dende o punto de vista normativo, o Decreto do 26 de xullo de 1957, sobre traballos prohibidos a menores, establece a prohibición de que os menores de 18 anos realicen limpeza de montes, tala e poda de árbores e, en xeral, calquera traballo que implique un excesivo esforzo físico.

PROPOSTA

Lembrar a prohibición, por normativa estatal, de contratar a menores de 18 anos para a extinción de incendios forestais, a todas as administracións e entidades afectadas.

1.2. CARENCIA

Dependendo da zona, tanto a administración como as empresas, establecen diferentes idades límites superiores, para o desenvolvemento de actividades profesionais en materia de prevención e extinción de incendios forestais, sen atopar criterios obxectivos claros sobre esta limitación cara aos traballadores/as.

PROPOSTA

Os límites de idade establecidos para a realización dos traballos de incendios no sector agrario, non representan unha mellora no risco dos traballado-



res/as. A idade non é un factor limitante sempre que estea por enriba dos 18 anos, se superen as oportunas probas de selección e se manteña unha axeitada forma física acorde coas tarefas a realizar.

1.3. CARENCIA

Na fase de selección de persoal poden confundirse aspectos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores/as con aptitudes físicas e psíquicas mínimas específicas que poidan determinar a aptitude e os mellores criterios de selección dos candidatos.

PROPOSTA

Nas actividades que requiran esforzos físicos e dependendo do posto de traballo, deberá ser obrigatorio para cubrir estes postos, na selección de persoal, realizar os oportunos recoñecementos médicos previos específicos para cada posto de traballo, e superar os requisitos mínimos para cada tarefa nesas actividades.

1.4. CARENCIA

Nalgunhas ocasións os criterios de selección de persoal consideran como factores de exclusión diversos motivos de aptitude física ou psíquica pouco claros ou con criterios escasamente argumentados e xustificados.

PROPOSTA

As exclusións por motivos de aptitude física ou psíquica deberían producirse con criterios homoxéneos para cada posto de traballo, baseados fundamentalmente en investigacións científicas.



2. VIXILANCIA DA SAÚDE

2.1.- CARENCIA

Non existen protocolos nin sistemas normalizados para a realización de recoñecementos médicos específicos en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

PROPOSTA

Recoméndase a realización dos oportunos estudos e elaboración de protocolos médicos específicos para a vixilancia da saúde dos traballadores/as contratados para a prevención e extinción de incendios forestais.

3. LUGARES DE TRABALLO

3.1.- CARENCIA

Existen diversas interpretacións sobre os denominados puntos de encontro de traballadores/as e os tipificados como lugares de traballo, producindo lagoas e dúbidas sobre a súa correcta definición. Como consecuencia algúns traballadores/as desenvolven o seu traballo en lugares estables durante longos períodos de tempo, sen acceso a ningunha instalación hixiénica.

PROPOSTA

Débase determinar, pola autoridade competente, se un punto de encontro debe cumprir cos requisitos mínimos sinalados no RD 486/97 ou se, pola contra, débense aplicar outros requisitos específicos cos que deben contar para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores/as involucrados.

*Neste apartado a Xunta está a dotar ao servizo de novas instalacións chamadas **BUO** (Bases de Unidades Operativas) que acollerán a brigadas, condutores/as de motobombas, axentes medioambientais e outros. Estarán dotadas de vestiarios, cociña, comedor e un gabinete.*

Segundo manifestou o Director Xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, “a intención é que este sexa un modelo para aplicar a todos os distritos forestais, aínda que debido a grande inversión que supoñen teremos que esperar uns anos para que sexan realidade na totalidade do territorio”. Esta é unha demanda sindical do servizo, incrementada como consecuencia de terse aplicado o aumento de xornada con quendas de 10h e as carencias históricas de moitos puntos de encontro e ou centros de traballo.

Neste apartado non se entende que a Xunta de Galicia se negue a dotar ás BUO de espazos con liteiras para o descanso e recuperación do persoal contra incendios, especialmente nos distritos con densas e extensas masas forestais susceptibles de ser afectadas por grandes incendios de longa duración que implicarían varias e intensas quendas consecutivas de traballo, o que fai esencial dispoñer de lugares de descanso cercanos ao incendio para favorecer a recuperación do persoal implicado.

4. MATERIAIS E EQUIPOS

4.1.- CARENCIA

Con frecuencia non se dispón de suficientes equipos dotados de sistemas de telecomunicacións, informáticos, portátiles ou móbiles, de apoio á dirección de extinción nin de persoal especializado



no seu manexo. Estes equipos, poden facilitar en calquera tipo de incendio información sobre predicións meteorolóxicas, información xeográfica, localización de medios en tempo real e simulación do comportamento dos incendios, o que supón unha mellora significativa na seguridade do persoal, ao permitir a identificación de situacións de risco intolerable.

PROPOSTA

a) Recomendar ás Administracións competentes a disposición e mellora de medios de apoio aos Postos de Mando Avanzado (localización próxima ao incendio dos directores de extinción), así como aos Centros de Coordinación, e de persoal especializado no seu uso para mellorar a identificación de situacións de risco en todos os incendios.

b) Recomendar a dotación dos medios de extinción con dispositivos de localización remota que permitan coñecer a súa localización en todo momento desde os Postos de Mando Avanzado, así como desde os Centros de Coordinación, e que se actualicen permanentemente segundo o exposto no parágrafo anterior.

4.2.- CARENIA

Durante os traballos de extinción adóitanse orixinar situacións de risco para os traballadores/as mobilizados por non poder identificar os medios móbiles de extinción e a súa posición de forma rápida.

PROPOSTA

Recomendar ás administracións competentes, a creación dun código normalizado de identificación única para os medios de extinción, así como a rotulación de códigos identificativos claramente visibles dende o ar nos vehículos de terra e nos medios aéreos.

4.3.- CARENIA

Os vehículos que interveñen directamente na extinción (autobombas, buldozer, etc. ...) non adoitan contemplar medidas de protección dos traballadores/as fronte ao atrapamento polo lume.

PROPOSTA

Recomendar a investigación, desenvolvemento e posta en marcha, de medidas específicas de protección, fronte ao atrapamento polo lume, nos vehículos que interveñen directamente na extinción.

4.4. CARENIA

O transporte do persoal de extinción, tanto en medios aéreos como terrestres, realízase en bastantes ocasións, en condicións de seguridade e hixiene pouco adecuadas (persoal xunto á súa ferramenta, combustibles, alimentos, auga potable, equipos de protección etc.).

PROPOSTA

É preciso adoptar solucións concretas que melloren as condicións de seguridade e hixiene dos traballadores/as no transporte do persoal, tanto por medios terrestres como aéreos. Estas solucións deberán quedar claramente definidas na avaliación de riscos laborais.

4.5.- CARENIA

Co paso dos anos e a incorporación de novos sistemas de radiocomunicación, o espectro electromagnético presenta un nivel de saturación alto



xerando nalgúns casos, interferencias e incompatibilidades entre si. Do mesmo xeito, están a empregarse varios sistemas de comunicación ao mesmo tempo. Esta situación e a non renovación adecuada dos actuais sistemas de radiocomunicación empregados na rede de vixilancia e extinción de incendios forestais xeran riscos na seguridade das actuacións realizadas, e por tanto no conxunto causan dificultades na comunicación da información aos traballadores/as o que repercute directamente na xeración de riscos para a súa seguridade e saúde.

PROPOSTA

Recomendar ás administracións competentes (tanto en materia de extinción como de radiocomunicacións) a adopción de solucións conxuntas para a actualización e homoxeneización dos sistemas de radiocomunicacións en incendios forestais. Neste senso, propónse que se valore a utilización dun único sistema de comunicación nos labores de extinción para todos os intervinentes e que este sistema sexa compatible para os equipos que se incorporen desde outros territorios e/ou comunidades.

4.6.- CARENCA

Actualmente, na extinción de incendios forestais, utilízase maquinaria (Buldozer, motoserras, roadoras, autobombas e outros), que non foi deseñada especificamente para iso. Isto xera riscos que

non foron tidos en conta polo fabricante á hora de deseñar e construír dita maquinaria.

PROPOSTA

Propoñer ao grupo de traballo do Sector Agrario (INSST) a posible creación dun subgrupo, que favoreza a procura de solucións específicas que permitan compatibilizar a seguridade e a saúde dos traballadores/as coa eficacia dos traballos que este tipo de maquinaria realiza en labores de extinción.

5. EPIs

5.1.- CARENCA

Nos últimos anos dotouse á inmensa maioría dos traballadores/as en extinción de incendios forestais de equipos de protección individual (EPI) para o efecto. Con todo a inestabilidade laboral e a elevada taxa de renovación dos traballadores/as contribúen a non dispoñer de forma efectiva dunha avaliación máis exhaustiva e precisa dos riscos de cada actividade ou tarefa realizada e por tanto a establecer as adecuadas recomendacións e melloiras no manexo e mantemento dos equipos.

PROPOSTA

Recomendar a elaboración, por parte das administracións competentes, dunha Guía de Boas Prácticas para o mellor e máis exhaustivo coñecemento dos riscos laborais das actividades, operacións e tarefas que se realizan nos traballos de prevención e extinción de incendios forestais, así como das medidas óptimas para poder controlar devanditos riscos.

No caso da Galiza temos que dicir que nos últimos anos houbo importantes melloras nesta área, dispoñendo de EPIs categoría 3 homologados á normativa europea de servizos de emerxencia e bombeiros/as. [PLADIGA- Anexo 6.](#)



5.2. CARENCIA

Actualmente, algunhas das recomendacións para a adquisición de equipos de protección (EPI) conlevan algunhas confusións técnicas que non aclaran debidamente as características adecuadas dos materiais, a súa forma de confección e as súas características técnicas.

PROPOSTA

Co obxecto de contribuír á mellor e máis eficaz confección de Pregos administrativos para adquisición de EPI e para a realización de compras por parte de contratistas, recoméndase que o *Comité de Loita Contra Incendios Forestais* (CLIF) realice unha mellora permanente das súas recomendacións para EPI, e que sexan difundidas.

5.3. CARENCIA

É obriga deste grupo facer fincapé en que a elección de EPI ten que realizarse en función da avaliación de riscos que se efectúe para o traballo. Doutra banda, a documentación técnica existente que serve de axuda é moi diversa, heteroxénea e pouco clara. Como consecuencia, algúns EPI que finalmente usan os traballadores/as non se corresponden cos riscos nin coas condicións en que se usan.

PROPOSTA

Existe unha urxente necesidade de actualizar e divulgar as recomendacións do CLIF para a selección de EPI en función das avaliacións de riscos laborais. Proponse o estudo por parte dun grupo

de expertos, neste senso, no seo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

6. NORMATIVA

6.1.- CARENCIA

Os traballos de extinción, sobre todo en incendios de certa magnitude, conlevan moi a miúdo a realización de xornadas de traballo que exceden os límites razoables para permitir unha actitude e aptitude adecuadas fronte aos riscos aos que se está sometido/a. O cansazo físico acumulado, as condicións de hidratación e alimentación e o estado mental ao que levan estes excesos aumentan considerablemente o risco ao que esta exposto o traballador/a.

PROPOSTA

Recomendar ás Administracións competentes a realización dunha regulación específica para este sector da xornada de traballo, límites da mesma e tempo de descanso obrigatorio, así como a organización de quendas e horarios nas tarefas de extinción de incendios forestais, e recomendar ás empresas e Administracións Públicas o seu cumprimento cando sexa publicada.

7. SINISTRALIDADE

7.1.- CARENCIA

Non se dispón de suficiente información sobre a sinistralidade nos traballos de prevención e extinción de incendios forestais, a través dos actuais sistemas.

PROPOSTA

Recomendar a adaptación e mellora do Sistema Delt@, para poder dispoñer, de forma permanente, de información específica sobre a sinistralidade nos traballos de prevención e extinción de incendios forestais.



Recomendar a elaboración dun informe anual de sinistralidade, específico sobre incendios forestais, no que teñan cabida as achegas dos informes de distintas administracións de empresas implicadas, técnicos ou expertos cualificados na materia.

7.2.- CARENCIA

A información dispoñible na estatística Xeral de Incendios Forestais do Ministerio, contempla fundamentalmente información sobre vítimas mortais, tendo pouca información sobre accidentes leves, graves e moi graves.

PROPOSTA

Recomendar a inclusión, no apartado existente sobre sinistralidade, da Estatística Xeral de Incendios Forestais, de solicitude de información relativa ao conxunto da sinistralidade, que inclúa datos relevantes de cada accidente e do seu grao de importancia (leve, grave, moi grave e mortal)

7.3.- CARENCIA

Os traballos de extinción, sobre todo en incendios de certa magnitude, conlevan moi a miúdo a realización de xornadas de traballo que exceden os límites razoables para permitir unha actitude e aptitude adecuadas fronte aos riscos aos que se esta sometido. O cansazo físico acumulado, as condicións de hidratación e alimentación e o estado mental ao que levan estes excesos aumentan considerablemente o risco ao que esta exposto o traballador/a.

PROPOSTA

Mentres non exista unha normativa específica, recomendar ás empresas, sexan da Administración Pública ou non, a organización de quendas e horarios nas tarefas de extinción de incendios forestais, co obxectivo final de evitar a innecesaria exposición dos traballadores/as aos riscos xerados pola realización de xornadas de traballo excesivas e inadecuadas.

8. FORMACIÓN

8.1.- CARENCIA

A formación relativa á prevención de riscos laborais nas actividades relacionadas coa loita contra incendios forestais non esta regrada. Cada empresa e institución, en base á súa experiencia e segundo o seu criterio, imparte a formación aos seus traballadores/as. Tanto o programa, como a súa duración e os requisitos que deben cumprir as persoas que o imparten, son heteroxéneos segundo a empresa e o territorio no que nos atopemos. Á súa vez, nalgúns ocasións constatouse que algúns traballadores/as non reciben a formación adecuada e suficiente.

PROPOSTA

Promover o desenvolvemento dunhas directrices sobre contidos básicos e duración do programa de formación dos traballadores/as, con carácter obrigatorio. Á súa vez, promover o desenvolvemento de directrices básicas que establezan os requisitos que teñen que reunir os formadores e os sistemas de avaliación na formación.

No caso da Galiza queda aínda moito por facer nesta importante área. Hoxe por hoxe os bombeiros/as forestais galegos reciben unha formación



cativa e non sempre axeitada as súas necesidades operativas, de competencia profesional e de seguridade no desenvolvemento do seu traballo. Para colmo de males, de xeito completamente incomprendible, os bombeiros/as forestais non teñen acceso (o solicitan e llo denegan) a participar na oferta formativa promovida pola Xunta e impartida a través da Academia Galega de Seguridade (AGAS), moitos de cuxos cursos serían de gran interese para mellorar a súa capacitación e nivel de competencia profesional. Contraditoriamente en cambio dende a Xunta do PP si se lles permite participar desta formación ao persoal (voluntario/non profesional) de Protección Civil, ou a unhas forzas de seguridade cuxo contacto e traballo directo co lume nunca vai pasar, se algunha vez acontece, de completamente ocasional.

Este mesmo ano 2024, estase a dar o paradoxo que persoal bombeiro forestal galego que xa esta participando en operativos contra incendios, proporcionóuselhes uns “respiradores autónomos” que seguen sen poder utilizar porque non se lles proporcionaron a formación necesaria para a súa utilización. Ver para crer.

8.2. CARENCIA

Os profesionais da xestión dos operativos de prevención e extinción de incendios forestais, non sempre reciben formación sobre identificación e prevención de riscos para os traballadores/as ao seu cargo. No caso dos directores/as de extinción adóitanse adoptar decisións que inciden na seguridade destes traballadores/as.

PROPOSTA

Nas directrices mencionadas no apartado anterior, establecer un nivel formativo diferenciado para os traballadores/as con funcións de dirección e xestión, dada a súa responsabilidade sobre os riscos que afectan os traballadores/as ao seu cargo.

8.3.- CARENCIA

Existe unha carencia significativa de equipos de primeiros auxilios fóra de núcleos urbanos

PROPOSTA

Recomendar o establecemento das medidas necesarias para que polo menos (sería recomendable formar a todos/as) un ou dous membros de cada equipo de prevención e extinción de incendios forestais reciba a formación de primeiros auxilios-socorrista.

9. PROTOCOLOS

9.1.- CARENCIA

O notable incremento dos medios que integran os operativos de extinción nos últimos anos non sempre veu acompañado da modificación das estruturas organizativas adaptándoas a esta nova situación. Isto orixina en ocasións situacións de descoordinación e descoñecemento da posición dalgúns medios, o que supón riscos adicionais para os traballadores/as.

PROPOSTA

Solicitar ás administracións competentes a mellora e revisión periódica de protocolos de incorporación progresiva de persoal de coordinación ás estruturas de coordinación e toma de decisións de forma proporcional á evolución da emerxencia e a incorporación de medios á mesma.



9.2.- CARENCIA

Os operativos autonómicos de extinción de incendios actualmente contan con protocolos de funcionamento diario, despacho de medios, transmisión de información, normas de seguridade etc., especialmente para situacións de especial gravidade. En moitos casos, devanditos protocolos de funcionamento só se poñen en práctica o día que se produce a emerxencia, polo que non resulta estraño que se orixinen fallos ou omisións na súa aplicación.

PROPOSTA

Recomendar a todas as administracións implicadas, a formación práctica e os exercicios periódicos a fin de habituar aos/ás responsables nos mecanismos e protocolos de emerxencia. Realizar simulacros involucrando a todas as administracións (Local, Autonómica e Central) que participan nun operativo de extinción de incendios.

9.3.- CARENCIA

En ocasións constatouse que parte do persoal de extinción descoñece, ou non comprende, os protocolos de actuación. En moitas ocasións ademais, no operativo de extinción concorren traballadores/as adscritos a distintos entes (administración pública, empresa pública, empresa privada, cooperativas ... etc.).

PROPOSTA

Recomendar que os protocolos de actuación se fagan comúns, públicos e alcanzables en canto á linguaxe empregada. Recomendar así mesmo a participación dos traballadores/as, directamente, ou a través dos seus representantes, na elaboración ou revisión dos protocolos de actuación, para facilitar que a información para o seu deseño e desenvolvemento parta dun coñecemento exhaustivo, realista e práctico respecto das situacións que se poden enfrontar na extinción de incendios forestais.

9.4.- CARENCIA

A urxencia da extinción, a miúdo, fai descoidar as subministracións básicas de auga e alimentos para traballadores/as que realizan longas xornadas en lugares remotos.

PROPOSTA

Promover o desenvolvemento de protocolos de avituallamento do persoal de extinción

9.5.- CARENCIA

En ocasións non se aplican os plans especiais de protección civil de risco de incendios forestais das distintas Comunidades Autónomas, en particular no relativo á declaración dos Niveis de Gravidade Potencial. Esta falta de decisión e a súa posterior comunicación/información ás persoas que interveñen nas operacións de extinción pode supoñer unha diminución na prevención dos posibles riscos derivados das operacións. De igual modo, poden retardar a toma de decisións contempladas nos citados plans e a mobilización doutros recursos necesarios para a atención da emerxencia e do



persoal participante (grupo de apoio loxístico, grupo de apoio sanitario ...).

PROPOSTA

Recoméndase ás administracións competentes a aplicación dos plans especiais de protección civil de risco de incendios forestais das distintas Comunidades Autónomas prestando especial atención ao relacionado coa declaración do nivel de gravidade potencial correspondente por parte da autoridade competente. Recoméndase ademais que a declaración do nivel oportuno así como dos cambios pertinentes dos mesmos se dea a coñecer a todas as administracións, combatentes e demais persoal que intervéñen na extinción.

9.6.-CARENCIA

As situacións de risco para os traballadores/as debidas a cambios no comportamento do incendio son causa frecuente de accidentes de atrapamento por lume. As ferramentas de previsión meteorolóxica e cartografía dixital dispoñibles

melloran a capacidade de predición das devanditas situacións, mais non sempre son utilizadas.

PROPOSTA

Recomendar ás administracións competentes que faciliten e garantan a utilización das ferramentas de previsión meteorolóxica e a cartografía dispoñibles, incluíndo o seu uso nos protocolos diarios de traballo dos xestores/as dos operativos e dos directores/as de extinción.

9.7.- CARENCIA

As comunicacións entre traballadores/as durante os traballos de extinción realízanse por sistemas de radio que a miúdo están saturados. O antigo ICONA estableceu unhas canles de terra para emerxencias que caeron no desuso, similares ás canles de emerxencia en frecuencias aéreas nos que todos os medios aéreos se manteñen sempre á escoita.

PROPOSTA

Promover o restablecemento dunha única canle de radiocomunicacións terra-terra para emerxencias por accidentes a nivel estatal e promover un acordo entre todas as administracións competentes para manter unha escoita permanente á devandito canle en todos os incendios.



AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DA XUNTA DE GALICIA

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS POR POSTO DE TRABALLO E TAREFA + MEDIDAS CORRECTORAS ASOCIADAS

- **Probabilidade de ocorrencia.**
- **Tipo de dano asociado.**
- **Estimación da tolerabilidade do risco.**

1. IDENTIFICACIÓN XERAL DOS RISCOS (FASE 1ª)

Esta fase ten por obxecto a identificación xeral dos riscos na Extinción de Incendios Forestais para os seguintes postos de traballo de:

- Peón do S.P.D.C.I.F. (*Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais*)
- Peón conductor/a do S.P.D.C.I.F.
- Vixilante móbil do S.P.D.C.I.F.
- Conductor/a de motobomba do S.P.D.C.I.F.
- Xefe/a de brigada do S.P.D.C.I.F.
- Técnico/a Superior/a e Técnico/a de apoio do S.P.D.C.I.F.
- Xefe de brigada helitransportada do S.P.D.C.I.F.
- Peón condutor/a de brigada helitransportada do S.P.D.C.I.F.
- Peón de brigada helitransportada do S.P.D.C.I.F.
- Técnico/a de brigada helitransportada do S.P.D.C.I.F.
- Oficial de defensa contra incendios forestais.
- Técnico/a de Distrito do S.P.D.C.I.F.
- Xefe/a de Distrito do S.P.D.C.I.F.

- Axente Facultativo Medioambiental e Axente Forestal (durante as tarefas de extinción de incendios forestais).

A unidade de estudo dos riscos é o de “Tarefa de Traballo”, entendendo como tal o conxunto de operacións desenvolvidas por unha persoa traballadora ao longo da extinción de incendios forestais, das máquinas, ferramentas, substancias, etc., que emprega ou coas que se relaciona e das características da súa contorna.

Realízase a avaliación das tarefas relacionadas coa extinción de incendios forestais entendendo que debido ao carácter excepcional e asimilable a unha situación de emerxencia, na cal a rapidez de operación é fundamental, pódese dar a situación de que calquera persoa traballadora nun momento determinado pode realizar tódalas tarefas avaliadas e estar exposta polo tanto a calquera das formas de accidente sinaladas nesta avaliación de riscos.

É preciso saber que cada “Tarefa de Traballo” pode referirse a máis dun traballador/a se as características e riscos son sensiblemente iguais.

Defínense dous postos *comúns* “*Riscos comúns nas tarefas de extinción, desprazamentos a pé e vixilancia activa*” e “*Riscos comúns nos desprazamentos e utilización dos vehículos*” para evitar a repetición de riscos e medidas preventivas, non obstante poderase repetir algún risco nalgunha outra tarefa de traballo pola particularidade da medida preventiva que aplica só a esa tarefa de traballo ou ao factor de risco.



ESTIMACIÓN DE RISCO

Variables

Para cada risco detectado en cada “Tarefa de traballo” hai que realizar unha estimación, determinando a potencial severidade do dano (as súas consecuencias) e a probabilidade de que aconteza o feito. As variables son a severidade do dano e a probabilidade. En cada unha destas variables considéranse tres opcións.

Probabilidade de que ocorra o dano

- **Alta (A):** O dano ocorrerá sempre ou case sempre.
- **Media (M):** O dano ocorrerá, nalgúnhas ocasións.
- **Baixa (B):** O dano ocorrerá raras veces.

Severidade do dano.

- **Lixeiramente daniño: (LD)**
 - ✓ Danos superficiais: cortes e contusións pequenas, irritacións dos ollos polo po.

- ✓ Molestias e irritacións: dor de cabeza, disconfort.

➤ **Daniño: (D)**

- ✓ Chagas, queimaduras, conmocións, escoraduras importantes, fracturas menores.
- ✓ Xordeira, dermatite, asma, trastornos músculo-esqueléticos, enfermidades que orixinan incapacidade menor.

➤ **Extremadamente daniño: (ED)**

- ✓ Amputacións, fracturas maiores, intoxicacións, lesións múltiples.
- ✓ Cancro e outras enfermidades crónicas que acurten severamente a vida.

Valoración de riscos: decidir se os riscos son tolerables.

Conforme ás variables anteriores, a valoración dedúcese segundo a seguinte táboa:

		Lixeiramente daniño	Daniño	Extremadamente daniño
PROBABILIDADES	Baixa	RISCO TRIVIAL (T)	RISCO TOLERABLE (TO)	RISCO MODERADO (M)
	Media	RISCO TOLERABLE (TO)	RISCO MODERADO (M)	RISCO IMPORTANTE (I)
	Alta	RISCO MODERADO (M)	RISCO IMPORTANTE (I)	RISCO INTOLERABLE (IN)

RISCO	ACCIÓN E TEMPORIZACIÓN
Trivial (T)	➤ Non se require acción singular.
Tolerable (TO)	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Non se precisa mellorar a acción preventiva en xeral. ➤ Téñense que considerar solucións máis rendibles. ➤ Comprobacións periódicas para asegurar as medidas de control.
Moderado (M)	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Facer esforzos para reducir o risco, con investimentos necesarios. ➤ Implantar as medidas nun período determinado. ➤ Se existe ED, revisar con precisión a probabilidade.
Importante (I)	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Non comezar o traballo ata reducir o risco. ➤ Precisaranse recursos considerables. ➤ Se se está a realizar o traballo, remediar o problema nun prazo mínimo.
Intolerable (IN)	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Non se debe comezar ou continuar o traballo ata reducir o risco. ➤ Se non é posible reducir o risco, tense que prohibir o traballo.

CÓDIGOS DE FORMA DE ACCIDENTE**(Para ficha 1)**

1. **Caída de persoas a distinto nivel.**
Inclúe tanto as caídas dende alturas (edificios, ventás, árbores, máquinas, vehículos, etc.) como en profundidades (pontes, escavacións).
2. **Caída de persoas ao mesmo nivel**
Inclúe caídas en lugares de tránsito ou superficies de traballo, e caídas sobre ou contra obxectos.
3. **Caída de obxectos por derrubamento**
Abrangue as caídas dende edificios, muros, ventás, escaleiras, montóns de mercadorías, etc. e desprendementos de terras, rochas, etc.
4. **Caída de obxectos por manipulación**
Abrangue as caídas de materiais, etc. sobre un traballador/a, sempre que o accidentado sexa a mesma persoa á que lle cae o obxecto que está manexando.
5. **Caída de obxectos desprendidos**
Abrangue as caídas de ferramentas, materiais, etc. sobre un traballador, sempre que este non os estivese manexando.
6. **Pisadas sobre obxectos**
Inclúen os accidentes que dan lugar a lesións como consecuencia de pisadas sobre obxectos cortantes ou punzantes.
7. **Golpes contra obxectos inmóviles**
Considera ao traballador/a como unha parte dinámica, é dicir, que intervéñ dunha maneira directa e activa, batendo contra un obxecto que non estaba en movemento.
8. **Golpes e contactos con elementos móbiles da máquina**
O traballador/a recibe golpes, etc. ocasionados por elementos móbiles de máquinas e instalacións. Non se inclúen os atrapamentos. Por exemplo, cortes con serra de disco.
9. **Golpes por obxectos ou ferramentas**
O traballador/a lesiónase cun obxecto ou ferramenta que é movido por unha forza diferente á gravidade. Inclúense marteladas, golpes con outros obxectos ou ferramentas (pedras, ferros, etc.), non se inclúen os golpes pola caída de obxectos.
10. **Proxección de fragmentos ou partículas**
Abrangue os accidentes debidos á proxección sobre o traballador de partículas ou fragmentos voadores, procedentes de máquinas ou ferramentas.
11. **Atrapamento por ou entre obxectos**
Pezas de máquinas, diversos materiais, etc.
12. **Atrapamentos por envorcadura de máquinas**
Inclúen os atrapamentos debidos a envorcaduras de tractores, vehículos ou outras máquinas que deixen ao traballador lesionado.
13. **Sobreesforzos**
Accidentes orixinados polo emprego de carretas ou por movementos mal realizados.
14. **Exposición a temperaturas extremas**
Accidentes causados por alteracións fisiolóxicas ao atoparse os traballadores/as nun ambiente excesivamente frío ou quente.

15. **Contactos térmicos**
Accidentes debidos ás temperaturas externas que teñen os obxectos que entran en contacto con calquera parte do corpo (líquidos ou sólidos).
16. **Contactos eléctricos**
Inclúense todos os accidentes dos que a súa causa é a electricidade.
17. **Inhalación ou inxestión de substancias nocivas**
Accidentes causados polo estado dunha atmósfera tóxica ou pola inxestión de produtos nocivos. Inclúense alerxias e afogos.
18. **Contactos con substancias cáusticas/ou corrosivas**
Accidentes por contactos con substancias e produtos que dan lugar a lesións externas.
19. **Exposición a radiacións**
Inclúense tanto as ionizantes como as non ionizantes.
20. **Explosións**
Accións que dan lugar a lesións causadas pola onda expansiva ou polos seus efectos secundarios.
21. **Lume**
Accidentes producidos polos efectos do lume ou das súas consecuencias.
22. **Causados por seres vivos**
Inclúense os accidentes causados directamente por persoas ou animais, como agresións, patadas, picaduras, mordeduras.
23. **Atropelos, golpes e choques contra vehículos**
Abrangue os atropelos de persoas por vehículos, así como os accidentes nos que o traballador lesionado vai contra o vehículo ou vehículos. Non se inclúen os accidentes de tránsito.
24. **Accidentes de tráfico**
Esta liña abrangue os accidentes de tráfico ocorridos dentro do horario laboral, independentemente que estean relacionados co traballo cotián ou non.
25. **Causas naturais**
Inclúense os accidentes ocorridos no centro de traballo, que non son consecuencia do propio traballo senón debidos a causas naturais que tamén se poden dar fóra. Por exemplo, o infarto de miocardio, anxina de peito, etc.
26. **Outras**
Calquera outra forma de accidente non incluída nas anteriores

CÓDIGOS DE FORMA DE ENFERMIDADE (para ficha 1)

27. **Axentes químicos**
Están constituídos por materia inerte (non viva) e pódense presentar no aire baixo formas diversas (po, gas, vapor, fume, etc.)
28. **Axentes físicos**
Están constituídos polas diversas manifestacións enerxéticas, como o ruído, as vibracións, as radiacións ionizantes, as radiacións térmicas, etc.
29. **Axentes biolóxicos**
Están constituídos por seres vivos, como os virus, as bacterias, fungos e os parásitos.
30. **Outras circunstancias**
Calquera outra enfermidade non incluída nas liñas anteriores

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS																																	
TAREFAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS																																	
Nº	Tarefa de traballo relacionada coa extinción de incendios forestais	Forma de accidente																										Enfermidades		Especiais			
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	S	E
0	Riscos comúns nas tarefas de extinción, desprazamentos a pé e vixilancia activa (persoal con actuación directa na fronte do lume).	X	X	X		X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X				X	X	X	X	X	X	X				X	X	X
1	Riscos comúns nas tarefas de extinción, desprazamentos a pé e vixilancia activa.	X	X	X		X	X	X		X	X	X	X	X	X	X				X	X	X	X	X	X	X				X	X	X	
2	Riscos comúns nos desprazamentos e utilización dos vehículos, tractor e maquinaria.	X		X	X			X				X	X	X	X	X					X	X		X	X		X	X					
3	Desprazamento da brigada helicóptero	X						X	X	X										X	X		X	X		X	X						
4	Arrefriamento empregando mangueras e autobombas	X						X	X	X	X	X					X	X															
5	Extinción empregando extintor de mochilas e batelume	X						X	X		X																						
6	Contralumes e queimas de ensanche														X					X	X												
7	Eliminación do combustible e sufocación empregando útiles manuais, motoserra e rozaíra	X		X		X		X	X	X	X	X	X		X	X				X	X					X	X						
8	Eliminación do combustible empregando tractor e apeiro.							X	X																		X						
9	Eliminación do combustible e sufocación empregando maquinaria pesada (bulldozer, pala cargadora,...)								X																	X							
10	Situación de traballadoras embarazadas e en período de postparto e lactancia	X										X	X		X	X									X	X	X						

1. CAÍDA DE PERSOAS A DISTINTO NIVEL	11. ATRAPAMENTO POR OU ENTRE OBXECTOS	21. INCENDIOS
2. CAÍDA DE PERSOAS AO MESMO NIVEL	12. ATRAPAMENTO POR ENFORCADURA DE MÁQUINAS	22. CAUSADOS POR SERES VIVOS
3. CAÍDA DE OBXECTOS POR DERRUBAMENTO	13. SOBRESFORZOS	23. ATROPELOS, GOLPES E CHOQUES CONTRA VEHÍCULOS
4. CAÍDA DE OBXECTOS POR MANIPULACIÓN	14. EXPOSICIÓN A TEMPERATURAS EXTREMAS	24. ACCIDENTES DE TRÁFICO
5. CAÍDA DE OBXECTOS DESPRENDIDOS	15. CONTACTOS TÉRMICOS	25. CAUSAS NATURAIS
6. PISADAS SOBRE OBXECTOS	16. CONTACTOS ELÉCTRICOS	26. OUTROS
7. GOLPES CONTRA OBXECTOS INMÓBILES	17. INHALACIÓN OU INXESTIÓN DE SUBSTANCIAS NOCIVAS	27. EE.PP. CAUSADAS POR AXENTES QUÍMICOS
8. GOLPES E CONTACTOS CON ELEMENTOS MÓBILES, MÁQUINAS	18. CONTACTOS CON SUBSTANCIAS CÁUSTICAS E/OU CORROSIVAS	28. EE.PP. CAUSADAS POR AXENTES FÍSICOS
9. GOLPES POR OBXECTOS OU FERRAMENTAS	19. EXPOSICIÓN A RADIACIÓNS	29. EE.PP. CAUSADAS POR AXENTES BIOLÓXICOS
10. PROXECCIÓN DE FRAGMENTOS OU PARTÍCULAS	20. EXPLOSIÓN	30. EE.PP. CAUSADAS POR OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS																
TAREFA DE TRABALLO:		RISCOS COMÚNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA (PERSOAL CON ACTUACIÓN DIRECTA NA FRONTE DO LUME).														
Nº	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade			Consecuencia			Estimación do risco			Medidas correctoras:					
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M						
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webiscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos																
A	Caídas dende alturas (barrancos, pedras, noiros, ...)	X					X		X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar sistemas de iluminación axeitados: luminosidade, autonomía, lixeiras, resistentes, ...		
B	Caídas dende partes altas dos vehículos (almacenaxe de ferramenta ou mangueras, ...)	X					X		X					- Habilitar accesos seguros a partes altas dos vehículos que non dispoñan deles. - Reparar accesos seguros a partes altas dos vehículos. - Prohibir a almacenaxe de obxectos en zonas con risco de caída superior a 2 metros.		
C	Caídas ao mesmo nivel (raíces, pedras soltas, barro ...)	X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).		
D	Caídas de obxectos por derruba e atrapamentos (correntes de terras, pedras, árbores, polas ...)	X					X		X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar casco de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). - Organización e coordinación entre as distintas cuadrillas de traballo para evitar que o tránsito ou traballo dunha cuadrilla produza desprendementos a outra.		
E	Pisadas sobre obxectos punzantes ou cortantes.	X					X		X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).		

TAREFA DE TRABALLO:		RISCOS COMÚNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA (PERSOAL CON ACTUACIÓN DIRECTA NA FRONTE DO LUME).													
Nº	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:			
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN		
F	Caída de auga dende os medios aéreos	X					X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Organización e coordinación entre as distintas cuadrillas de traballo e medios aéreos.
G	Golpes contra obxectos inmóviles		X			X					X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). - Subministrar casco de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
H	Proxección de partículas (pos, pavesas, auga a presión...)	X					X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministración de anteollos de seguridade e montura integral coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
I	Atrapamentos por envorcadura de máquinas	X					X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01.
J	Sobreesforzos e fatiga		X			X					X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os traballadores/as deberán estar nun estado de forma física axeitada para o desempeño das tarefas. - Os traballadores/as deberán dispoñer de comida de asimilación rápida e auga potable (ou outra bebida axeitada non alcohólica) en cantidade suficiente. - Ter unha almacenaxe de bebida e comida non perecedeira para casos onde existan problemas de loxística coa comida e bebida. - Estabelecer pausas de traballo e rotación de tarefas para evitar sobreesforzos dos traballadores/as.
K	Exposición a temperaturas extremas e condicións climáticas adversas		X			X					X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os traballadores/as deberán ter roupa seca e axeitada ás condicións climatolóxicas. - Recoméndase o uso de crema de protección solar.
L	Contactos térmicos		X				X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar EPIs de protección contra contactos térmicos e altas temperaturas: <ul style="list-style-type: none"> • Casco de seguridade. • Calzado de seguridade. • Luvas de protección. • Anteollos de seguridade. • Pantallas para casco ou verdugo ou cubrecaluga integral. • Roupa de protección. • Roupa interior. • Cubrecaluga. - coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). Non obstante as luvas de protección deberán cumprir coa norma UNE EN 659 e a protección ocular ademais cumprarán coa norma UNE EN 14458. - Detectóuse que para poder utilizar os sistemas de comunicación os traballadores/as teñen que sacar algúns EPIs; compatibilizar a utilización dos EPIs cos sistemas de comunicación. - Debido ás condicións de illamento que se poden dar os traballadores/as deberán ter tratamentos para queimaduras graves na caixa de urxencias.
M	Contactos eléctricos (liñas eléctricas)	X					X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Estabelecer como norma que cando se traballe preto dunha liña eléctrica na que se dubide de respectar a distancia de seguridade, avisar á compañía eléctrica responsable para que corte o subministro de corrente durante o tempo necesario.
N	Inhalación de fume e gases procedentes do lume		X				X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar mascarillas autofiltrantes coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
Ñ	Explosións (materiais explosivos de canteiras,...)	X					X				X				<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01.

TAREFA DE TRABALLO:		RISCOS COMÚNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA (PERSOAL CON ACTUACIÓN DIRECTA NA FRONTE DO LUME).													
Nº O	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:		
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN			
O	Incendios	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Detectouse que utilizan o EPI de extinción para realizar tarefas de prevención de incendios no cal utilizan motoserras e motodesbrozadoras podéndose dar a situación de acudir a realizar tarefas de extinción co EPI manchado de substancias combustibles. Corrixir esta situación. - Detectouse que nos vehículos utilizados para acudir aos incendios levan substancias combustibles; manter ditas substancias protexidas do lume. - Realizar un procedemento para o transporte de combustible.
P	Ataques de animais (mordeduras de serpes e outros animais, picaduras de insectos, golpes con animais, ...)	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Debido ás condicións de illamento que se poden dar os traballadores/as deberán ter tratamentos para reaccións alérxicas agudas.
Q	Cortes e pinchazos	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Protexer as tixeiras e bisturi das caixas de urxencias individuais.
R	Cortes, golpes e picaduras derivados da vexetación (toxos, silvas, polas, ...)	X			X							X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01.
S	Atropelos, golpes e choques con ou contra vehículos	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - A roupa entregada deberá ter elementos reflectantes segundo norma UNE-EN 1486. - Realizar un procedemento para que os corpos seguridade do estado corten e organicen a circulación de vehículos.
U	Accidentes de tráfico (in itinere)	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os vehículos deberán pasar as inspeccións regulamentarias e as especificadas polos fabricantes.
V	Causas naturais ocorridas no lugar de traballo pero que non son consecuencia do propio traballo	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01.
W	Riscos derivados da falta de organización e coordinación	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Realizar actividades de reforzo na divulgación dos procedementos operativos do PLADIGA. - Detectáronse deficiencias nos sistemas técnicos de comunicación, corrixir esta situación tendo en conta a evolución da técnica. - Reparar os sistemas de localización por satélite dos vehículos. Dotar destes sistemas aos vehículos que non dispoñan del. - Detectouse a falta dun sistema de comunicación entre a dirección técnica de extinción e algúns dos medios participantes na extinción. Corrixir esta situación.
X	Outros	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Realizar a vixilancia da saúde de acordo ao artigo 22 da lei 31/1995. - Tódolos traballadores/as deberán ter información-formación, relativa á prevención de riscos, competencias e funcións profesionais e procedementos operativos do PLADIGA. - Tódolos traballadores/as deberán ter á súa disposición os manuais de instrucións dos equipos de protección individual e dos equipos de traballo a empregar. - Realizar a coordinación de actividades empresarias de acordo ao R.D. 171/2004.
Z	Medidas para unha evacuación segura da zona de lume	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01. - Deberase dispor de equipos de respiración de emerxencia para asegurar unha evacuación en caso de que a atmosfera non sexa apta para a súa respiración. - Dotar os vehículos autobombas de sistemas de refrigeración por cortina de auga, e recoméndase que se poidan activar dende dentro do vehículo. - Protexer os cables e elementos eléctricos dos vehículos contra as altas temperaturas que se poden producir nun incendio. - Estabelecer como norma as seguintes medidas: <ul style="list-style-type: none"> • Ao chegar a un incendio estableceranse as rutas de escape e zonas de seguridade. • Tódolos traballadores/as dispoñan de botiquín en bo estado. • Tódolos traballadores/as dispoñan de formación en primeiros auxilios. • O persoal dunha brigada estará sempre xunto. • Tódolos traballadores/as deberán ter un sistema de comunicación eficaz.
AA	Estrés	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-01.
AB	Ergonomía dos EPI's	X			X							X			<ul style="list-style-type: none"> - Subministrar lentes de seguridade compatibles cos cascos de seguridade.

TAREFA DE TRABALLO:		RISCOS COMUNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA (PERSONAL CON ACTUACIÓN DIRECTA NA FRONTE DO LUME).												
Nº0	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:		
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN	
AC	Caixa de urxencias	X				X			X					- Realizar unha revisión do material das caixas de urxencias, reponer e substituír o material caducado ou consumido.
AD	Alteracións biolóxicas derivadas do traballo a quendas e nocturnidade	X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01.
AE	Inhalación de vapores nocivos de (espumóxenos, retardantes, ...)		X			X			X					- Poñer a disposición dos traballadores/as as fichas de datos de seguridade, para o cumprimento das medidas de seguridade durante o seu uso.
AF	Contacto con substancias irritantes (espumóxenos, retardantes, ...)		X			X			X					- Poñer a disposición dos traballadores/as as fichas de datos de seguridade, para o cumprimento das medidas de seguridade durante o seu uso.
AG	Exposición moi intensa ao fume como consecuencia de complicacións no desenvolvemento do lume, que non permitan o traballo en condicións habituais.		X				X				X			- Os EPIs a utilizar estableceranse de acordo coas conclusións do subcomité de EPIs do CSSL, distinguindo entre situacións de escape e situacións de exposición continuada.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		RISCOS COMUNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA											
Nº1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webriscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Caidas dende alturas (barrancos, pedras, noiros, ...)	X					X		X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar sistemas de iluminación axeitados: luminosidade, autonomía, lixeiras, resistentes, ...
B	Caidas dende partes altas dos vehículos (almacenaxe de ferramenta ou mangueras, ...)	X					X		X				- Habilitar accesos seguros a partes altas dos vehículos que non dispoñan deles. - Reparar accesos seguros a partes altas dos vehículos. - Prohibir a almacenaxe de obxectos en zonas con risco de caída superior a 2 metros.
C	Caidas ao mesmo nivel (raíces, pedras soltas, barro ...)		X			X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
D	Caidas de obxectos por derruba e atrapamentos (correntes de terras, pedras, árbores, polas ...)	X					X		X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar casco de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). - Organización e coordinación entre as distintas cuadrillas de traballo para evitar que o tránsito ou traballo dunha cuadrilla produza desprendementos a outra.
E	Pisadas sobre obxectos punzantes ou cortantes.		X			X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
F	Caída de auga dende os medios aéreos	X					X		X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Organización e coordinación entre as distintas cuadrillas de traballo e medios aéreos.
G	Golpes contra obxectos inmóviles		X			X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar calzado de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). - Subministrar casco de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).

TAREFA DE TRABALO:		RISCOS COMÚNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA													
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:		
		B	M	A	LD	D	ED	T	O	M	I	IN			
H	Proxección de partículas (pos, pavesas, auga a presión...)	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar anteollos de seguridade e montura integral coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
I	Atrapamentos por envorcadura de máquinas	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01.
J	Sobreesforzos e fatiga		X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os traballadores/as deberán estar nun estado de forma física axeitada para o desempeño das tarefas. - Os traballadores/as deberán dispor de comida de asimilación rápida e auga potable (ou outra bebida axeitada non alcohólica) en cantidade suficiente. - Ter unha almacenaxe de bebida e comida non perecedeira para casos onde existan problemas de loxística coa comida e bebida. - Estabelecer pausas de traballo e rotación de tarefas para evitar sobreesforzos dos traballadores/as.
K	Exposición a temperaturas extremas e condicións climáticas adversas		X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os traballadores/as deberán ter roupa seca e axeitada ás condicións climatolóxicas. - Recoméndase o uso de crema de protección solar.
L	Contactos térmicos	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar EPIs de protección contra contactos térmicos e altas temperaturas: • Casco de seguridade. • Calzado de seguridade. • Luvas de protección. • Anteollos de seguridade. • Pantallas para casco ou verdugo ou cubrecaluga integral. • Roupa de protección. • Roupa interior. • Cubrecaluga. coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA). Non obstante as luvas de protección deberán cumprir coa norma UNE EN 659 e a protección ocular ademais cumprirán coa norma UNE EN 14458. - Detectouse que para poder utilizar os sistemas de comunicación os traballadores/as teñen que sacar algúns EPIs; compatibilizar a utilización dos EPIs cos sistemas de comunicación. - Debido ás condicións de illamento que se poden dar os traballadores/as deberán ter tratamentos para queimaduras graves na caixa de urxencias.
M	Contactos eléctricos (liñas eléctricas)	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Estabelecer como norma que cando se traballe preto dunha liña eléctrica na que se dubide de respectar a distancia de seguridade, avisar á compañía eléctrica responsable para que corte o suministro de corrente durante o tempo necesario.
N	Inhalación de fume e gases procedentes do lume		X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Subministrar mascarillas autofiltrantes coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
Ñ	Explosións (materiais explosivos de canteiras,...)	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01.
O	Incendios	X					X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Detectouse que utilizan o EPI de extinción para realizar tarefas de prevención de incendios no cal utilizan motoserras e motodesbrozadoras podéndose dar a situación de acudir a realizar tarefas de extinción co EPI manchado de substancias combustibles. Corrixir esta situación. - Detectouse que nos vehículos utilizados para acudir aos incendios levan substancias combustibles; manter ditas substancias protexidas do lume. - Realizar un procedemento para o transporte de combustible.
P	Ataques de animais (mordeduras de serpes e outros animais, picaduras de insectos, golpes con animais, ...)		X				X			X					- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Debido ás condicións de illamento que se poden dar os traballadores/as deberán ter tratamentos para reaccións alérxicas agudas.

TAREFA DE TRABALO:		RISCOS COMÚNS NAS TAREFAS DE EXTINCIÓN, DESPRAZAMENTOS A PÉ E VIXILANCIA ACTIVA												
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN		
Q	Cortes e pinchazos		X			X						X		- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Protexer as tixeiras e bisturí das caixas de urxencias individuais.
R	Cortes, golpes e picaduras derivados da vexetación (toxos, silvas, pólas, ...)		X		X							X		- Entregar información aos traballadores/as F-01.
S	Atropelos, golpes e choques con ou contra vehículos	X					X					X		- Entregar información aos traballadores/as F-01. - A roupa entregada deberá ter elementos reflectantes segundo norma UNE-EN 1486. - Realizar un procedemento para que os corpos de seguridade do Estado corten e organicen a circulación de vehículos.
U	Accidentes de tráfico (in itinere)	X					X					X		- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Os vehículos deberán pasar as inspeccións regulamentarias e as especificadas polos fabricantes.
V	Causas naturais ocorridas no lugar de traballo pero que non son consecuencia do propio traballo	X					X					X		- Entregar información aos traballadores/as F-01.
W	Riscos derivados da falta de organización e coordinación	X					X					X		- Realizar actividades de reforzo na divulgación dos procedementos operativos do PLADIGA. - Detectáronse deficiencias nos sistemas técnicos de comunicación, corrixir esta situación tendo en conta a evolución da técnica. - Reparar os sistemas de localización por satélite dos vehículos. Dotar destes sistemas aos vehículos que non dispoñan del. - Detectouse a falta dun sistema de comunicación entre a dirección técnica de extinción e algúns dos medios participantes na extinción. Corrixir esta situación.
X	Outros	X					X					X		- Realizar a vixilancia da saúde de acordo ao artigo 22 da lei 31/1995. - Tódolos traballadores/as deberán ter información-formación, relativa á prevención de riscos, competencias e funcións profesionais e procedementos operativos do PLADIGA. - Tódolos traballadores/as deberán ter á súa disposición os manuais de instrucións dos equipos de protección individual e dos equipos de traballo a empregar. - Realizar a coordinación de actividades empresarias de acordo ao R.D. 171/2004.
Z	Medidas para unha evacuación segura da zona de lume	X					X					X		- Entregar información aos traballadores/as F-01. - Deberase dispor de equipos de respiración de emerxencia para asegurar unha evacuación en caso de que a atmosfera non sexa apta para a súa respiración. - Dotar aos vehículos autobombas de sistemas de refrixeración por cortina de auga, e se recomenda que se poidan activar dende dentro do vehículo. - Protexer os cables e elementos eléctricos dos vehículos contra as altas temperaturas que se poden producir nun incendio. - Estabelecer como norma as seguintes medidas: • Ao chegar a un incendio estableceranse as rutas de escape e zonas de seguridade. • Tódolos traballadores/as disporán de botiquín en bo estado. • Tódolos traballadores/as disporán de formación en primeiros auxilios. • O persoal dunha brigada estará sempre xunto. • Tódolos traballadores/as deberán ter un sistema de comunicación eficaz.
AA	Estrés	X				X						X		- Entregar información aos traballadores/as F-01.
AB	Ergonomía dos EPI's		X		X							X		- Subministrar lentes de seguridade compatibles cos cascos de seguridade.
AC	Caixa de urxencias	X				X						X		- Realizar unha revisión do material das caixas de urxencias, repoñer e substituír o material caducado ou consumido.
AD	Alteracións biolóxicas derivadas do traballo a quendas e nocturnidade	X				X						X		- Entregar información aos traballadores/as F-01.
AE	Inhalación de vapores nocivos de (espumóxenos, retardantes, ...)		X			X						X		- Poñer a disposición dos traballadores/as as fichas de datos de seguridade, para o cumprimento das medidas de seguridade durante o seu uso.
AF	Contacto con substancias iritantes (espumóxenos, retardantes, ...)		X			X						X		- Poñer a disposición dos traballadores/as as fichas de datos de seguridade, para o cumprimento das medidas de seguridade durante o seu uso.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALO:		RISCOS COMÚNS NOS DESPRAZAMENTOS E UTILIZACIÓN DOS VEHÍCULOS, TRACTOR E MAQUINARIA											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN	
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webricos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Caidas ao subir ou baixar dos vehículos	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Detectouse que algún vehículo non dispón de accesos seguros ou están deteriorados, habilitalos ou reparalos.
B	Caidas de obxectos e materiais sobre os vehículos (derrumbamentos de noiros, árbores, ...)	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02.
C	Caidas de obxectos ou útiles transportados	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Recoméndase o cabinado dos vehículos para un mellor estibado dos útiles.
D	Atrapamentos, cortes, proxección de partículas, contactos térmicos,... durante as tarefas de mantemento e cambio de accesorios	X				X			X				- Ter a disposición dos traballadores/as os manuais de instrucións de vehículos, tractor e maquinaria coa intención de realizar só as tarefas de mantemento e cambio de accesorios permitidas polo fabricante e de forma segura seguindo as instrucións do fabricante.
E	Atrapamento por envorcadura dos vehículos	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02 - Detectáronse vehículos que non dispoñen de pórticos anti-envorcadura e/ou cinturóns de seguridade. Dotar de pórticos anti-envorcadura e cinturóns de seguridade a tódolos vehículos que circulen por zonas con risco de envorcadura. - Formar aos condutores que o precisen en condución todo-terreo. - Detectáronse vehículos autobombas sen bateolas, instalar bateolas en tódolos autobombas. - Colocar nun lugar visible cartéis indicativos da carga máxima dos vehículos.
F	Sobreesforzos	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-02 - Detectáronse asentos en mal estado. Reparar os asentos que deberán ser regulables en altura e profundidade con sistema de amortiguación das vibracións.
G	Exposición a temperaturas extremas	X		X					X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Recoméndase dotar aos vehículos de sistemas de refrigeración do aire interior que carezan dela.
H	Contactos térmicos	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-02.
I	Contactos eléctricos	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Estabelecer como norma que en caso de realizar traballos en cercanías de liñas eléctricas deberase solicitar o descargo de tensión da mesma.
J	Inhalación do fume e po	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Recoméndase dotar aos vehículos de sistemas de purificación do aire interior que carezan dela.
K	Explosións (polo depósito de combustibles)	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02.
L	Incendios	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Estabelecer un plan de mantemento preventivo dos vehículos.
M	Atropelos, golpes e choques con ou contra vehículos	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - A roupa entregada deberá ter elementos reflectantes segundo norma EN 1486. - Realizar un procedemento para que os corpos seguridade do Estado corten e organicen a circulación de vehículos. - Dotar de dispositivos de mans libres aos traballadores/as que vaian só no vehículo.
N	Accidentes de tráfico	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Os vehículos deberán pasar as inspeccións regulamentarias e as especificadas polos fabricantes. - Estabelecer un plan de mantemento preventivo dos vehículos.
Ñ	Ruido	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-02. - Estabelecer un plan de mantemento preventivo dos vehículos.
O	Vibracións	X				X			X				- Estabelecer un plan de mantemento preventivo dos vehículos. - Detectáronse asentos en mal estado. Reparar os asentos que deberán ser regulables en altura e profundidade con sistema de amortiguación das vibracións.
P	Traballos en solitario	X				X			X				- Estabelecer unha norma de forma que se estableza unha comunicación periodicamente entre a área do distrito e o traballador/a para garantir que non existe ningún problema.
Q	Outros	X				X			X				- Realizar adaptación ao R.D. 1215/1997 e homologación de tipo CE dos vehículos e máquinas que non dispoñan de declaración CE de conformidade. - Ter en conta a evolución da técnica e ir substituíndo os vehículos contra incendios para que cumpran a norma UNE EN 1846. - Ter en conta a evolución da técnica e ir substituíndo as bombas contra incendios para que cumpran as normas EN 14466 e/ou EN 1028 segundo as súas características.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS												
TAREFA DE TRABAJO		DESPLAZAMENTO DA BRIGADA HELITRANSPORTADA										
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco			Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M		I
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://web riscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos												
A	Caidas dende alturas	X					X			X		- Entregar información aos traballadores/as F-03.
B	Caidas ao subir ou baixar do helicóptero		X			X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-03.
C	Golpes co helicóptero ou partes do mesmo (pas)	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-03.
D	Golpes, caídas ou rozaduras provocados polo helibalde		X			X				X		- Realizar un procedemento de montaxe e desmontaxe de helibalde. Realizar simulacros de montaxe e desmontaxe de helibalde de acordo ao procedemento.
E	Golpes con obxectos ou ferramentas arrastrados polas turbulencias	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-03.
F	Proxección de partículas	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-03. - Dotar aos traballadores/as de lentes de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia
G	Choques contra obstáculos e caída do helicóptero	X				X				X		- Deberanse cumprir as normas da Dirección Xeral de Aviación Civil para estas tarefas.
H	Incendios	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-03. - Deberanse cumprir as normas da Dirección Xeral de Aviación Civil para estas tarefas.
I	Explosións	X				X				X		- Deberanse cumprir as normas da Dirección Xeral de Aviación Civil para estas tarefas.
J	Ruido	X				X				X		- Dotar aos traballadores/as de protectores auditivos UNE EN 352.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS												
TAREFA DE TRABAJO:		ARREFRIAMENTO EMPREGANDO MANGUEIRAS E AUTOBOMBAS										
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco			Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M		I
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://web riscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos												
A	Golpes e contactos con elementos móbiles das autobombas	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-04. - Realizar adaptación ao R.D. 1215/1995 das autobombas que non dispoñan de declaración CE de conformidade.
B	Golpes e atrapamentos coas mangueras, accesorios e conexións		X			X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-04. - Realizar un procedemento de tendido e recollida de mangueras. Realizar simulacros de tendido e recollida de manguera de acordo ao procedemento.
C	Golpes, caídas ou rozaduras por enredarse coas mangueras		X			X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-04. - Realizar un procedemento de tendido e recollida de mangueras. Realizar simulacros de tendido e recollida de manguera de acordo ao procedemento.
D	Proxección de partículas	X				X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-04. - Dotar aos traballadores/as de lentes de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia
E	Sobreesforzos		X			X				X		- Entregar información aos traballadores/as F-04. - Recoméndase a substitución paulatina dos mangotes de carga por outros máis lixeiros.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		EXTINCIÓN EMPREGANDO EXTINTOR DE MOCHILA E BATELUME											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN	
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webriscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Golpes e caídas producidos por perda de equilibrio a causa do movemento do líquido transportado na mochila	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-05.
B	Golpes por manipulación dos batelumes	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-05.
C	Proxección de fragmentos ou partículas	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-05. - Dotar aos traballadores/as de lentes de seguridade coas características técnicas mínimas marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestais" (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia
D	Sobreesforzos	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-05. - Recómendase mellorar os ameses e cinturóns de suxección, mediante un maior alcolchado.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		CONTRALUME E QUEIMAS DE ENSANCHE											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN	
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webriscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Contactos térmicos coa antorcha de goteo	X			X				X				- Entregar información aos traballadores/as F-06. - Dotar aos traballadores/as de Luvas de protección UNE EN 659. - Realizar un procedemento de contralumes e queimas de ensanche.
B	Explosión	X				X			X				- Durante a visita detectouse a utilización de antorchas de goteo non homologadas. Verificar que as antorchas de goteo teñan depósito homologado para o transporte de combustible, válvula anti-retorno no interior do tapón e válvula para a regulación do caudal, en caso contrario substituír.
C	Incendios	X				X			X				- Realizar un procedemento de contralumes e queimas de ensanche que establezca unha norma de forma que sexa preciso a autorización da dirección de extinción para garantir que non existe a posibilidade de que traballadores/as queden atrapados entre o incendio e o contralume.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		ELIMINACIÓN DE COMBUSTIBLES EMPREGANDO ÚTILES MANUAIS, MOTOSERRA E ROZADOIRA											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN	
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webriscos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Caídas dende árbores	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-07.
B	Caída de ramas, árbores,... durante o derribo de árbores	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-07.
C	Caída noiro abaixo de materiais acumulados	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-07.
D	Golpes e contactos con elementos móbiles das máquinas	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-07. - Tódolos elementos móbiles das máquinas deberán protexerse con resgardos e carcacas de seguridade.

TAREFA DE TRABALO:		ELIMINACIÓN DE COMBUSTIBLES EMPREGANDO ÚTILES MANUAIS, MOTOSERRA E ROZADOIRA													
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:			
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN		
E	Cortes e contactos coa cadea ou elemento de corte	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Dotar de protectores - Recomendase a utilización de motoserras de baixo contragolpe (ANSI B 175.1-2000). - Entregar aos traballadores/as que utilicen motoserra: <ul style="list-style-type: none"> • Casco protector da cabeza certificado segundo norma UNE-EN 397 e UNE-EN 812. • Roupa certificada segundo norma UNE-EN 340, UNE-EN 342, UNE-EN 343 UNE-EN 381 e UNE-EN 471 tendo en conta a velocidade da cadea. • Calzado de seguridade certificado segundo norma UNE-EN 17249 tendo en conta a velocidade da cadea. • Luvas de protección certificadas segundo normas UNE-EN 420, UNE-EN 381, UNE-EN 388 e UNE EN ISO 10819 tendo en conta a velocidade da cadea. - Entregar aos traballadores/as que empreguen motodesbrozadora: <ul style="list-style-type: none"> • Roupa certificada segundo norma UNE-EN 340, UNE-EN 342, UNE-EN 343 e UNE-EN 471. • Casco protector da cabeza certificado segundo norma UNE-EN 397 e UNE-EN 812. • Calzado de seguridade certificado segundo norma UNE-EN ISO 20345, 20346, 20347. • Luvas de protección certificadas segundo normas UNE-EN 420 e UNE-EN 388 e UNE EN ISO 10819.
F	Golpes e cortes pola utilización de útiles manuais	X				X						X			- Entregar información aos traballadores/as F-07.
G	Proxección de fragmentos ou partículas	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Entregar aos traballadores/as que utilicen motodesbrozadora ou motoserra: <ul style="list-style-type: none"> • Lentes de seguridade segundo norma UNE-EN 166, UNE-EN 172. • Pantalla facial segundo norma UNE-EN 1731
H	Sobreesforzos	X				X						X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Substituír os ameses da motodesbrozadora que se atopen en mal estado.
I	Contacto con partes quentes do motor	X				X						X			- Entregar información aos traballadores/as F-07.
J	Contacto eléctrico durante o derribo de árbores	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Estabelecer como norma que cando se traballe preto dunha liña eléctrica na que se dubide de respectar a distancia de seguridade, avisar á compañía eléctrica responsable para que corte o suministro de corrente durante o tempo necesario.
K	Explosión	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Estabelecer como norma a prohibición de utilizar equipos de traballo con motor de combustibles nos lugares próximos aos incendios.
L	Incendios	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Etiquetar os recipientes de transportes de combustible con "PERIGO LÍQUIDO INFLAMABLE".
M	Ruido	X					X					X			- Entregar aos traballadores/as que utilicen motodesbrozadora ou motoserra protector auditivo UNE-EN 352.
N	Vibracións durante o uso de motoserra e rozadoira	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Entregar información aos traballadores/as F-07. - Entregar aos traballadores/as que utilicen a motoserra luvas de protección certificadas segundo normas UNE-EN 420, UNE-EN 381, UNE-EN 388 e UNE EN ISO 10819 tendo en conta a velocidade da cadea. - Entregar aos traballadores/as que utilicen a motodesbrozadora luvas de protección certificadas segundo normas UNE-EN 420 e UNE-EN 388 e UNE EN ISO 10819.
Ñ	Outros	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Realizar adaptación a o R.D. 1215/1997 das máquinas que non dispoñan de declaración CE de conformidade. - Os manuais de instrucións deberán estar a disposición dos traballadores/as. - Substituír ou arranxar tódalas máquinas-ferramentas que funcionen de forma anormal ou se atopen nun estado de conservación non axeitado.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		ELIMINACIÓN DO COMBUSTIBLE EMPREGANDO TRACTOR E APEIRO.											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webricos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Golpes, atrapamentos e contactos con elementos móbiles	X					X			X			- Tódalas tomas de forza, eixes de transmisión e elementos móbiles deberán estar protexidas con carcasa e resgardos de seguridade.
B	Golpes durante a manobra de enganche e desganche de apeiros	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-08.
C	Proxección de partículas durante as tarefas coa desbrozadora	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-08. - Estabelecer como norma que non se poderán facer labores de roza se o tractor non dispón de cabina antiimpacto.
D	Outros	X				X			X				- Realizar adaptación a o R.D. 1215/1997 das máquinas que non dispoñan de declaración CE de conformidade. - Os manuais de instrucións deberán estar a disposición dos traballadores/as. - Substituír ou arranxar tódalas máquinas que funcionen de forma anormal ou se atopen nun estado de conservación non axeitado.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		ELIMINACIÓN DO COMBUSTIBLE E SUFOCACIÓN EMPREGANDO MAQUINARIA PESADA (BULLDOZER, PA CARGADORA, ...)											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN
NOTA: As medidas de información atópanse en: http://webricos.xunta.es , así como nas fichas que figuran como anexos ao documento de Avaliación de Riscos													
A	Proxección de partículas e pavesas durante as pasadas coa máquina e por botar terra enriba	X				X			X				- Entregar información aos traballadores/as F-09.
B	Outros	X				X			X				- Solicitar ás empresas contratadas que tódalas máquinas dispoñan de declaración CE de conformidade ou adaptación ao R.D. 1215/1997. - Solicitar ás empresas contratadas que os manuais de instrucións estean a disposición dos traballadores/as. - Solicitar ás empresas contratadas que substitúan ou arranxen tódalas máquinas que funcionen de forma anormal ou se atopen nun estado de conservación non axeitado.

IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS													
TAREFA DE TRABALLO:		SITUACIÓN DE TRABALLADORAS EMBARAZADAS E LACTANTES											
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:	
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN
➤ As recomendacións descritas para a muller embarazada, de parto recente, ou en lactación recolléronse nos seguintes documentos: - Directiva 92/85/CEE. - Guía Médica para a valoración dos Riscos Profesionais a efectos da prestación de Risco durante o Embarazo e risco na Lactación. Documentación AMAT. - Guía Clínico-Laboral para a Prevención de Riscos durante o embarazo, parto recente e lactación no ámbito sanitario. Documento elaborado polo Grupo Sanitario da AEEMT. - Orientacións para a valoración do risco laboral e a incapacidade temporal durante o embarazo. Documento de SEGO.													
EA	Ruído	X				X			X				- A partir da semana 22 de xestación non se exporá á traballadora xestante a un nivel diario equivalente superior a 80 dB(A). - Non pode existir exposición a niveis pico iguais ou maiores de 135 dB(C). - Este axente non representa un risco maior en traballadoras en lactación natural que no resto de traballadores/as.
EB	Vibracións	X				X			X				- Dende que se coñeza o estado de xestación, evitanse traballos con exposición a vibracións que abranguen todo o corpo (maquinaria e vehículos pesados, etc.) así como os que impliquen manexo de ferramentas vibrátiles. - Este axente non representa un risco maior en traballadoras en lactación natural que no resto de traballadores/as.

TAREFA DE TRABALLO:		SITUACIÓN DE TRABALLADORAS EMBARAZADAS E LACTANTES												
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade			Consecuencia			Estimación do risco				Medidas correctoras:		
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I		IN	
EE	Exposición a condicións climatolóxicas adversas	X					X				X			<ul style="list-style-type: none"> - As condicións térmicas máis axeitadas para traballos serían: <ul style="list-style-type: none"> - Traballos sedentarios: 17°C a 27°C. - Traballos non sedentarios: 14°C a 25°C. - Proporcionarase roupa de abrigo. - Débense evitar os traballos en condicións térmicas extremas e os cambios bruscos de temperatura dende que se coñece a situación de gravidez. - Non presenta maior risco en traballadoras en lactación natural que noutras traballadoras.
EF	Exposición a axentes químicos	X					X				X			<ul style="list-style-type: none"> - Dende que se coñeza o estado de xestación, as mulleres embarazadas teñen prohibida a manipulación de substancias químicas clasificadas como tóxicas para a reprodución, as carcinoxénicas e as mutaxénicas. - Dende que se coñeza o estado de xestación, as mulleres embarazadas teñen prohibida a manipulación de calquera das 67 substancias químicas recollidas no Anexo 1 da Guía Médica para a Valoración dos Riscos Profesionais a efectos da Prestación de Risco durante o Embarazo e risco na Lactación (AMAT). - Teranse en conta as mesmas consideracións anteriores na lactación cando a traballadora estea exposta aos seguintes axentes: <ul style="list-style-type: none"> - Metais: chumbo, mercurio, manganeso. - Hidrocarburos: fenilpoliclorados, tetracloroetileno. - Pesticidas: organofosforados, hexaclorobenceno.
EH	Sobreesforzos derivados da manipulación manual de cargas	X					X				X			<ul style="list-style-type: none"> - O límite de peso máximo no manexo manual de cargas por parte de mulleres embarazadas é de 10 kg. - O límite de peso máximo no manexo manual de cargas para situacións de pulo e arrastre por parte de mulleres embarazadas é de 8 kg. - O levantamento regular de pesos por parte de mulleres embarazadas non poderá superar os 5 kg. - A limitación do manexo repetitivo de pesos, arrastre e pulo de cargas, segundo o peso e número de repeticións, farase dende o coñecemento do estado de xestación segundo as indicacións anteriores e de xeito especial entre as semanas 18 e 26 de embarazo, prazos que se poden reducir en caso de embarazo múltiple. - Adaptar o posto de traballo, con limitación de tarefas que supoñan a manipulación de cargas para as embarazadas e traballadoras que deron a luz recentemente (especialmente aquelas sometidas a cesáreas), favorecendo os descansos periódicos, a hidratación, etc. - Estas condicións de traballo non presentan risco para a lactación natural.
EI	Sobreesforzos posturais: carga física e risco postural	X					X				X			<ul style="list-style-type: none"> - As mulleres embarazadas deberán evitar a bipedestación continuada por máis de 4 horas en quenda de traballo de 8 e, en todo caso, a partir da semana 22 de xestación (semana 20 en caso de embarazo múltiple). - As mulleres embarazadas deberán evitar a bipedestación intermitente de máis de 30 minutos en 1 hora, en todo caso, a partir da semana 30 de xestación (semana 28 en caso de embarazo múltiple). - As mulleres embarazadas deben evitar as flexións repetidas de tronco por debaixo do xeonllo e os traballos en crequenas con frecuencias superiores a 10 veces/hora a partir da semana 18 de xestación (semana 16 en caso de embarazo múltiple). - As mulleres embarazadas deben evitar as flexións repetidas de tronco por debaixo do xeonllo e os traballos en crequenas intermitentes, a razón de menos de 2 veces/hora a partir da semana 37 de xestación (semana 34 en caso de embarazo múltiple). - Débense adoptar medidas para evitar a exposición a estes riscos das traballadoras en estado de xestación a través da adaptación das condicións de traballo da traballadora afectada. - Alternaranse posturas, evitando as posicións de sedestación ou bipedestación prolongadas. - Realizaranse pausas máis longas ou frecuentes durante o tempo de traballo, asegurando a dispoñibilidade de medios para facilitar eses descansos (asentos, padiolas, etc) en condicións e intervalos axeitados, así como con certa intimidade. - Estas condicións de traballo non presentan risco para a lactación natural.

TAREFA DE TRABALLO:		SITUACIÓN DE TRABALLADORAS EMBARAZADAS E LACTANTES													
Nº 1	Identificación dos riscos laborais:	Probabilidade de			Consecuencia			Estimación do risco					Medidas correctoras:		
		B	M	A	LD	D	ED	T	TO	M	I	IN			
EJ	Traballos en alturas	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Débese minimizar o risco de caída en altura para a muller embarazada. - Evitarase subir/baixar escadas repetidamente (4 ou máis veces por quenda de 8 horas) a partir da semana 18 de xestación (semana 16 en caso de embarazo múltiple). - Evitarase subir/baixar escadas, escalas, etc. intermitentemente (menos de 4 veces por quenda de 8 horas) a partir da semana 26 de xestación (semana 24 en caso de embarazo múltiple). - Evitarase subir/baixar escaleiras repetidamente (4 ou máis veces por quenda de 8 horas) a partir da semana 26 de xestación (semana 24 en caso de embarazo múltiple). - Evitarase subir/baixar escaleiras intermitentemente (menos de 4 veces por quenda de 8 horas) a partir da semana 37 de xestación (semana 34 en caso de embarazo múltiple). - Estas condicións de traballo non presentan risco para a lactación natural.
EK	Nocturnidade, traballo a quendas e traballo en solitario	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Dende que se coñece o estado de gravidez, evitarase o traballo nocturno (entre as 22:00 e as 06:00 horas) para a traballadora embarazada. - Dende que se coñece o estado de gravidez, evitarase o traballo en solitario (en situación de illamento) para a traballadora embarazada. - Estas condicións de traballo non presentan risco para a lactación natural.
EL	Varios: equipos de traballo e equipos de protección individual (incluídas as prendas de vestir)	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - A roupa, equipos de traballo así como os equipos de protección individual, deberán ser adaptados ás características anatómicas das traballadoras xestantes, co obxecto de que resulten cómodas e se axusten debidamente ao corpo para evitar posibles riscos, pero que ao mesmo tempo permitan a mobilidade, coordinación e destreza da traballadora no seu posto de traballo.
EM	Traballos que requiran a condución de vehículos ou desprazamentos nos mesmos por terreos irregulares.	X					X					X			<ul style="list-style-type: none"> - Durante o embarazo: Evitar a realización de viaxes longas. Utilizar cinto de seguridade en todos os asentos correctamente: a banda inferior non debe ir situada sobre o ventre. Nas últimas semanas desaconséllase a condución. - Dende o coñecemento de estado de gravidez, evitar os desprazamentos por terreos irregulares. - Posparto: Eliminar a condución de forma significativa na xornada laboral, durante as 16 semanas posteriores ao parto.

Observacións: Durante as tarefas de extinción de incendios forestais non existen postos compatibles co estado de Embarazo, Posparto e /ou Lactación

FONTE: Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. MAQUETACIÓN E REVISIÓN: GTCSL

EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS CANCERÍXENAS NAS ACTIVIDADES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Nos incendios forestais xéranse produtos da combustión asfixiantes, irritantes, tóxicos, carcinógenos e mutaxénicos. A evidencia científica do dano para a saúde do persoal contra incendios forestais causado por estes produtos é significativa. Recentemente a comunidade científica prestou maior atención á absorción dérmica, e non só ao risco por inhalación de fume dos incendios.

A evidencia científica máis recente sobre as vías de entrada destes canceríxenos no organismo, amósanos que os traxes de lume usados hoxe en día

non impiden totalmente a entrada das substancias ata a pel. Ademais, lembramos a necesidade de empregar medios de protección respiratorios adecuados ao risco, xa sexa equipo de respiración autónomo ou máscaras filtrantes de gases.

A normativa obriga a adoptar medidas de prevención e protección para as traballadores/as que estean expostos a substancias canceríxenas, e a facer todo o necesario para eliminar ou reducir ao máximo o risco en todos os postos de traballo e en todas as actividades que se leven a cabo.

CARACTERIZACIÓN DA PROBLEMÁTICA

1. Na actualidade existe suficiente evidencia científica que demostra os perigos das substancias derivadas da combustión. Moitas destas substan-



cias están catalogadas como canceríxenas para os humanos pola *Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC)* e, mesmo, referenciadas como canceríxenas tamén na propia normativa europea e española.

2. Segundo algúns estudos científicos, hai varios tipos de cancro que aparecen máis ou teñen maior prevalencia en bombeiros/as que no resto da poboación.
3. Hoxe por hoxe o cancro é a ameaza menos recoñecida e posiblemente das máis perigosas para a saúde dos bombeiros/as. Falta aínda un longo camiño por percorrer para facer aflorar as enfermidades laborais asociadas ao exercicio profesional dos bombeiros/as forestais.
4. Así as cousas, cómpre levar á práctica un comportamento preventivo proactivo nesta materia para minimizar os riscos de exposición ás substancias canceríxenas.
5. A todos os efectos, a Lei de Prevención de Riscos Laborais e a súa normativa de desenvolvemento son de obrigado cumprimento para os Servizos de Extinción de Incendios Forestais.
6. En termos xerais son maioritarias as ocasións nas que non se realizaron as preceptivas Avaliacións de Riscos en relación á exposición a substan-

cias canceríxenas, e cando estas se fixeron foron parciais e/ou manifestamente insuficientes ao non incluír todas as actividades profesionais que realiza o persoal contra incendios forestais. Sen dúbida algunha nestes casos habería que aplicar o principio de precaución.

7. É sabido que os uniformes, materiais e equipos son, polos residuos das combustións que acumulan, unha posible fonte de contaminación de axentes canceríxenos que actualmente non está suficientemente controlada.
8. Nun incendio son moitas as ocasións nas que as partículas do fume se filtran a través dos equipos e chegan ata a cara, pescozo e pantorrillas do persoal contra incendios.
9. Existen partículas ultrafinas (micrométricas) de fume non visibles polo ollo humano, pero son igualmente prexudiciais para a saúde.
10. Resulta imprescindible para protexerse que o persoal contra incendios use adecuadamente uns equipos de protección individual e equipos de traballo axeitados e eficaces.
11. Para evitar o traslado de contaminantes dende a fonte orixinal ata outros espazos e elementos que non estean contaminados, é fundamental illar os contaminantes e proceder á súa posterior descontaminación.
12. En todos os casos o empregador/a ten a responsabilidade de introducir os cambios e protocolos necesarios para garantir a seguridade e a saúde de todas as persoas traballadoras.
13. En relación á exposición aos canceríxenos resulta imprescindible levar a cabo unha vixilancia

da saúde mellor e máis específica tendo en conta este tipo de exposición e as súas posibles consecuencias. Esta vixilancia da saúde debería ampliarse ao período post ocupacional da xubilación, tendo en conta o longo período de latencia destas enfermidades.

CARACTERÍSTICAS DA EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS TÓXICAS

O fume atopado na maioría dos incendios é unha mestura de gases e de partículas sólidas e líquidas aerotransportadas, que se desprenden da combustión. O perigo destes gases depende da concentración dos mesmos no ar, o tempo que dura a inhalación e as condicións físicas da persoa. Estas condicións varían por mor do propio incendio, xa que o ritmo respiratorio aumenta debido á tensión nerviosa, a calor, o esforzo e o exceso de anhídrido carbónico.

En ningún caso se dá a presenza exclusiva dun só dos gases que adoitan producirse, e a mestura deles é máis tóxica que a suma de cada un por separado. Por tanto, non son aceptables os índices de tolerancia establecidos para cada un dos gases, sobre todo tendo en conta que as condicións físicas da persoa, ás que antes nos referíamos, fan que a exposición aumente de forma considerable e os índices perdan o seu valor.



AXENTES CANCERÍXENOS

Os bombeiros/as forestais poden estar expostos a diferentes axentes canceríxenos, entre outros e fundamentalmente:

Benceno:

Úsase para facer certas gomas, lubricantes, detergentes, medicamentos, tinturas e pesticidas. É un compoñente natural do petróleo cru, gasolina, fume dos cigarros e outros materiais orgánicos queimados. **Nos incendios forestais xérase gran cantidade de benceno de forma natural.**

Ademais dos múltiples e graves efectos que produce a curto prazo, é unha substancia carcinóxena para os seres humanos. Ademais pode afectar á medula e sistema hematopoético, o fígado e o sistema inmunitario.

É considerado canceríxeno 1A e mutáxeno 3A no Regulamento (CE) nº1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, e tamén canceríxeno Categoría 1 no Real Decreto 665/1997 sobre protección das persoas traballadoras contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

1,3-butadieno:

A exposición débese aos fumes que saen do tubo de escape dos vehículos e ao **fume da combustión da madeira. Os incendios forestais son considerados fontes naturais deste composto no ar.**

É considerado canceríxeno 1A e mutáxeno 1A no Regulamento (CE) nº1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello. Vincúlase a relación entre a exposición ocupacional ao 1,3-butadieno e o aumento da incidencia de leucemia, de desenvolver cancro de estómago e do sistema linfático.



Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAPs):

Presentes nos fumes de diversa orixe, entre eles destaca o fume dos vehículos de motor diésel. Os seus efectos son variados, e algúns se consideran canceríxenos, en particular benzopireno, benzoantraceno e os seus metabolitos, especialmente para o sistema respiratorio, aparello dixestivo, páncreas e vexiga. **A feluxe (hollín), que tamén contén este tipo de hidrocarburos, está clasificada pola IARC como canceríxena de tipo 1** (pel, escroto, pulmón). Relaciónase con exceso de mortalidade por cancro de fígado e esófago. Tamén o Real Decreto 665/1997, sobre a protección dos traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, sinala como canceríxeno os HAPs da feluxe.

Benzopireno:

É un PAH potencialmente carcinógeno, considerado como a 9ª substancia máis perigosa, debido ao seu potencial tóxico para a saúde humana. Prodúcese durante os procesos de combustión,

especialmente cando as combustións son incompletas nas graxas, carbón, petróleo e **incendios forestais**. É considerado canceríxeno 1B e mutáxeno 1B no Regulamento (CE) nº 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

Dioxinas:

Fórmase de maneira natural nos incendios forestais e de forma artificial na queima de materiais que conteñan cloro. A IARC clasificóunas no Grupo 1 de canceríxenos. As dioxinas, unha vez inxeridas, acumúlanse nos tecidos graxos do corpo, onde permanecen durante anos. Producen efectos mutáxenos e alteracións do desenvolvemento de fetos expostos. Outros efectos son: problemas da pel, fatiga, enfermidades do fígado e do corazón, etc.

Dióxido de nitróxeno:

Fórmase como subproduto en todas as combustións a altas temperaturas, así como nos procesos de combustión dos vehículos. Igualmente, emprégase como axente extintor. O Instituto Nacional para a Seguridade e Saúde Ocupacional de EEUU (NIOSH) considérao un sospeitoso canceríxeno baseado en estudos en animais. Tamén é un irritante para o pulmón.

Cloroformo (triclorometano):

Utilízase fundamentalmente como disolvente de compostos orgánicos e como **compoñente dalgúns extintores de incendios**. Trátase dunha substancia con propiedades anestésicas. Ademais de posible canceríxeno para os seres humanos como efecto a longo prazo, esta substancia pode causar efectos a curto prazo no corazón, o fígado, o ril e o sistema nervioso.



POSICIÓN DA CIG ANTE A SITUACIÓN DOS SERVIZOS CONTRA INCENDIOS NA GALIZA E OS PROXECTOS DE LEI DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS

DESCOORDINACIÓN, INOPERATIVIDADE E DECISIONS UNILATERAIS

Na actualidade na Galiza seguimos sen unha política preventiva e unha ordenación do territorio coherente en materia contra incendios. A día de hoxe aínda non están completas as faixas primarias, secundarias e terciarias de xestión de biomasa, como son a proximidade dos núcleos pobacionais, ou as faixas nas estradas e autoestradas. Tamén aínda son moitos os concellos que teñen sen aprobar os seus *Plans Municipais contra Incendios*. Así mesmo existe unha total e absoluta descoordinación entre os diferentes organismos con responsabilidades en política forestal e de prevención de incendios forestais como son AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), Dirección Xeral de Planificación Forestal e a Dirección Xeral de Defensa do Monte. *Esta descoordinación é unha eiva histórica insistentemente denunciada pola CIG. Actualmente no servizo contra incendios traballan multitude de entes como po-*



den ser: as brigadas municipais, Tragsa, Seaga, UME, helitransportadas privadas, bombeiros/as funcionarios/as, bombeiros/as laborais en praza funcionarizada, bombeiros/as fixos/as descontínuos/as, (estas tres últimas pertencentes á Xunta). Se ben nun lume forestal traballan baixo mando único exercido polo Director/a de Extinción, na práctica conviven horarios diferentes, realidades contractuais diferentes, situacións laborais diferentes, graos de formación diferentes, ... que se alonxan da vella reivindicación dun servizo público, único e profesional baixo a dependencia da Xunta de Galicia.

Así as cousas, en non poucas ocasións atopámonos con circunstancias como nas que é preciso desprazar os medios a máis de 100 quilómetros de distancia para realizar a extinción dos lumes, reducindo enormemente a súa eficacia e operatividade. Como exemplo lembrar o acontecido no incendio forestal de Avión, onde se desprazaron brigadas do Distrito de Verín-Viana, deixando descuberto este último e onde acabou producíndose un incendio de 200 hectáreas.

Ante este tipo de situacións, dende a CIG considérase que é preciso acometer cambios e contar xa cun servizo 100% público, estable, profesionalizado, cunha ampla presenza no territorio e con formación completa e específica para a nova tipoloxía de lumes, cada vez máis virulentos e con condicións ambientais cada vez máis extremas. Non é



de recibo que a Consellería de Medio Rural siga a actuar con secretismo e opacidade e que dende a Dirección Xeral de Defensa do Monte se estean creando e implantando estruturas e protocolos sen ningún tipo de negociación coa representación sindical, coma xa aconteceu no caso das UDEX (Unidades de Extinción de Incendios Forestais) ou do PLADIGA (Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia).

E todo isto prodúcese acompañado dunha proposta de reordenación do servizo de incendios onde se propón reducir case á metade o persoal responsable da coordinación e da propia dirección da extinción dos lumes forestais. Tendo en conta ademais que máis de 800 traballadores/as do servizo traballan só 6 meses ao ano.

Efectivamente as cousas teñen que comezar a cambiar. Dende a CIG demándase a constitución dun servizo público e profesional de extinción de incendios forestais e de atención de multiemruxencias no medio natural e rural, que é o que realmente necesita Galiza. O persoal contra incendios ten que traballar todo o ano e estar altamente profesionalizado.

O Partido Popular de Galicia e o Presidente da Xunta non poden seguir poñéndose de perfil e mirar cara outro lado, debendo adoptar medidas ao respecto nun asunto que tantos recursos públicos absorbe, ademais da importancia económica, social e ambiental que representa a loita contra os incendios forestais e a xestión forestal coma sector estratéxico na economía galega.

SITUACIÓN LABORAL DO PERSOAL CONTRA INCENDIOS

Na actualidade o colectivo de bombeiros/as forestais no noso País está conformado por preto de 1.200 brigadistas que traballan doce meses ao ano e máis de oitocentos que traballan unicamente seis meses ao ano. A crise dos pélets demostrou que a Xunta prefire tirar de empresas privadas antes que chamar ao seu propio persoal, nuns días nos que o risco de incendios era cero. Todo isto cando se tiña ás persoas traballadoras, os medios materiais, ao persoal espallado polo territorio e a capacidade de poder chamar e mobilizar, en apenas unhas horas, a estes traballadores/as da consellaría de Medio rural. Non se fixo, nin cos da Consellaría de Medio Ambiente e moito menos cos bombeiros e bombeiras forestais que estaban no territorio e dispostos para poder intervenir.

Xulio Saiáns, bombeiro forestal e traballador fixo discontinuo de seis meses, afiliado e delegado da CIG, partindo do seu caso persoal ilustrounos en relación á precariedade que padecen neste colectivo. Lembra *Xulio* que, como persoal procedente de SEAGA, onde xa estaban precarizados, pasaron á administración en 2019 e denuncia que non se pode considerar profesional un servizo no que o persoal traballe só tres ou seis meses ao ano.

Explicounos que como servizo de emerxencias traballan a quendas, en noites, domingos e feriadados. Sinálanos que aínda que comezaron a funcionarizalos, “*aprobose un acordo marco que a CIG tentou que se aplicase a todo o persoal, mais finalmente vaise aplicar exclusivamente ao persoal funcionario ficando excluído o persoal laboral, que si teñen por exemplo, os axentes forestais. Isto afonda na desigualdade, vai haber quendas de 10 horas para o persoal funcionario e quendas de 8 horas para o persoal laboral discontinuo; o persoal funcionario vai ver compensado economicamente o traballo en feriadados e domingos e o persoal laboral non, por exemplo. Isto afonda na división e na discriminación e nun servizo de dúas realidades, menos coordinado (quendas distintas) que sen dúbida repercute na calidade do servizo prestado. Asegurou que levan dous anos tratando de negociar unha proposta, feita pola CIG partindo do V Convenio, para que non haxa esa diferenza entre funcionarios e laborais porque “ao cabo respondemos ás mesmas ordes de mando e traballamos no mesmo”. E denuncia que, “polo de agora, non temos ningunha resposta”.*

Explicounos que até o de agora “*non podiamos traballar nin no sector público ou con capital pú-*



blico”, unha situación que se está modificando e considerou inxustas as condicións laborais deste colectivo porque somos un servizo de multiemerxencias que podería actuar “se hai nevadas, quitando a neve do rural; se hai unha crise, como agora dos péletes, podemos intervir; se hai unha treboada podemos retirar árbores caídas”. Considerou que, porén, “parece ser que non o contemplan, non sei se por interese económicos ou por motivos políticos dificilmente defendibles”. “*Cando ou ben por desleixo, por ignorancia ou por mor dunha decisión política, obvian a aplicación do Art. 17 da [Lei 17/2015, de 9 de Xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil](#) no que manifesta que os servizos de prevención e extinción de incendios forestais son **considerados servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil**. As súas funcións veñen recollidas no Art. 16 de dita Lei.” “En calquera caso sería convincente, desexable e necesario promover a creación dunha Lei de Protección Civil galega, adaptada ás nosas características, necesidades e idiosincrasia específica, como sociedade e como País”.*

ACORDO DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO

Recentemente, a mediados deste pasado mes de febreiro, a CIG conseguiu arrancar á Xunta un acordo que mellora as condicións laborais das persoas traballadoras das brigadas contra incendios da Galiza, tanto para o persoal funcionario como para o laboral.

Para a CIG-Administración Autónoma era esencial que os dereitos laborais negociados beneficiaran a todo o persoal independentemente da súa



relación xurídica coa Consellería e do tempo de duración do seu contrato. Segundo explica Zeltia Burgos, responsable nacional da CIG-Administración Autonómica, nun principio a administración pactou coas outras organizacións sindicais que só fora para prazas de persoal funcionario e *“grazas á presión mobilizadora da CIG conseguimos que se acollera a todo o persoal”*. Isto é, en lugar de 700 traballadores e traballadoras aos 2.200 que compoñen todo o servizo en alto risco.

Xunto a isto, conseguíuse un sistema de quendas sen posibilidade de alongamento de xornada, como se estaba facendo até o de agora no servizo. *“Deste xeito, establécese un sistema de quendas de 10 horas e unha semana tres días e a seguinte catro, con libranzas no medio, cun mínimo de 2 días ininterrompidos, para posibilitar o descanso e minimizar os riscos asociados a un traballo tan perigoso como o de extinción de lumes forestais”*, explica, *“ademais dun máximo de 26 quendas de fins de semana que serán alternas e a metade dos festivos, considerando como tal o 24 e 31 de decembro”*.

Tamén se contempla no acordo un plan de mellora das instalacións (xa falamos anteriormente das Bases BUO). *“Hai que ter en conta que se traballas 10 horas seguidas tes que ter un lugar en condi-*

cións para poder xantar ou cear”. *Vaise compensar, ademais, o traballo en domingos ou festivos cunha cantidade económica. As vacacións e permisos gozaranse nos días que se teña asignada quenda de traballo “para evitar a barbaridade de que che poñan vacacións en día libre como ten feito a Xunta e establecerase unha compensación de 5 días adicionais para compensar o exceso horario”*.

Porén Zeltia destaca que *“quedan moitas cousas abertas e non podemos dicir con iso que estamos plenamente satisfeitos co resultado da negociación, produto por unha banda das presións de “última hora” e, pola outra, da actitude do resto das organizacións sindicais ás que xa lle valía o primeiro borrador”*.

Nese senso, subliña Zeltia Burgos que as franxas horarias, as funcións específicas ou o reparto das tarefas ordinarias dentro de quenda *“non se regulan neste acordo”* e que tamén queda fóra a compensación en tempo de descanso, como si se tiña no *V Convenio colectivo único del persoal laboral de la Xunta de Galicia (VCCU)*, *“para este perigoso traballo no que a fatiga acumulada aumenta o risco de accidente laboral”*.

Respecto do plan formativo que se viña demandando, será impartido polas escolas de administración pública ou a academia galega de seguridade, dentro dun plan negociado.

Con todo, Zeltia afirma que os contactos coa Consellería para preparar o borrador do acordo levaban parados por esta dende o mes de novembro, e que se activaron daquela grazas á mobilización. *“Cada vez que a CIG fixo propostas apoiadas por mobilizacións se produciron movementos de con-*

vocatorias e de avance nos dereitos laborais e na loita contra a precariedade, xa que parte dos contidos foron asumidos polas outras organizacións sindicais e pola administración, o que confirma o acerto das propostas do noso sindicato”, subliña.

A CIG-Administración Autonómica advirte de que vixiará o cumprimento de todos e cada un dos puntos recollidos no acordo, mais tamén de que o anuncio realizado no período electoral polo entón Presidente da Xunta en funcións de alongar o tempo de traballo de 6 a 9 meses, ten que ser xa unha realidade neste ano 2024. Cuestión respecto á que denuncia que *“esta promesa electoral non foi introducida no comité intercentros para facela real”.*

Noutra liña de análise, *Xulio Saiáns* fai nos partícipes da *“existencia dunha reivindicación derivada*

da OPE de 2019 (concurso oposición + méritos + probas físicas + exame para poder acceder a prazas de funcionarios/as), na que pasada xa a toma de posesión de quen aprobaron, non se creou unha lista de funcionarios/as, o que supón que a Xunta de Galicia estea a chamar da lista de laborais a persoas para ocupar unha praza de funcionario/a, o que produce unha situación de inxustiza para aquelas persoas que aprobaron este proceso selectivo. Existe unha campaña da CIG ao respecto”.



PROXECTOS DE LEIS BÁSICAS DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES MEDIOAMBIENTAIS

APROXIMACIÓN CRÍTICA

En relación aos proxectos de leis básicas de Bombeiros/as e Axentes Medioambientais, actualmente en tramitación no Congreso unha vez realizadas as alegacións correspondentes, a CIG denuncia que para este persoal na Galiza non supoñen un avance en dereitos laborais e aínda menos en termos de dereitos de seguridade laboral, saúde laboral e xubilación.

No caso do **Proxecto de Lei de Axentes Medioambientais**, aínda que mellora a Proposición do ano 2018 segue a deixar a este persoal sen xubilación anticipada con coeficientes redutores. Neste senso, a responsable nacional da CIG-Administración Autonómica afirma que *“é necesario que se recollan*

as funcións de Director/a Técnico de Extinción (DTE); ter en conta os riscos laborais na extinción de incendios; a elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais e un protocolo de vixilancia da saúde axeitado aos riscos laborais”. Ademais considera que *cómpre eliminar o artigo 6, que marca a obriga dunha cooperación cos corpos e forzas de seguridade, cando “son competencias propias dos/das Axentes e exclusivas da Galiza de conformidade co Estatuto de Autonomía”.*

Explica *Zeltia* que para Galiza esta lei é *“especialmente lesiva”* xa que se reducen as competencias na xestión dos montes deste persoal funcionario, eliminando, por exemplo, a encomenda da direc-

ción técnica de extinción de incendios forestais. *“Ampara ademais a modificación da estrutura de mando do servizo de defensa contra incendios forestais da Galiza de cara aos servizos de emerxencias e protección civil”, engade. Deste xeito, “os axentes forestais de Galiza pasan de ter a dirección dos incendios a ter que colaborar cos medios de emerxencias e protección civil”.*

Se temos que falar de mellora substancial da seguridade laboral, *“O artigo específico que trata a seguridade, con apenas catro liñas, non aporta ningunha medida concreta”, di Burgos, quen engade que “o texto da lei tampouco trata nin a segunda actividade, nin medidas para fomentar a igualdade, ou o recoñecemento dos dereitos laborais do resto de empregados/as Públicos/as como un horario máximo anual, a conciliación familiar ou os permisos e licenzas”.*

Con todo, o que máis preocupa é a posibilidade de que finalmente se cambie o sistema de extinción de incendios de Galiza, xa que de seguir adiante, modificaría a consideración de emerxencia e o seu tratamento –competencia, extinción e mando- o que non sería funcional para os máis de 4.000 lumes e 50.000 ha/ano de media, superando en número e hectáreas queimadas as de todo o territorio do estado.

En relación ao **Proxecto de lei básica de bombeiros/as forestais**, para Zeltia *“non hai avances se os coeficientes reductores non recollen toda a nosa vida laboral”.* Por iso defende que se prevexa esa retroactividade no texto. Lembra que coa CIG, por fin, se conseguiu, no ano 2017 o recoñecemento da categoría de bombeiro/a forestal, base que

serve para que o INSS recoñeza o coeficiente reductor de 0,20 e que implica que por cada 5 anos cotizados se xubilan un ano antes.

A responsable da CIG-Autonómica manifesta a súa preocupación polo establecemento dunha normativa de referencia diferente ao Estatuto dos Traballadores/as (ET), xa que o RD 1561/1995 *“abre a posibilidade de empeorar as nosas condicións laborais, como os períodos mínimos de descanso entre xornadas”.* Reitera ademais que se perde a oportunidade de establecer unha vixilancia da saúde específica e un catálogo de enfermidades profesionais nesta profesión de elevado risco.

Xunto a isto, e para non quedar diluídas nos distintos plans xerais de igualdade das administracións públicas, a CIG propón para ámbalas dúas normas un plan específico con medidas concretas que permitan a conciliación efectiva (con reforzos e medidas organizativas), que garantan a vixilancia da saúde dende unha perspectiva de xénero, o acceso ao emprego e o dereito á roupa, calzado e EPIs adaptados a anatomía de cada sexo.



Para buscar apoios ás emendas presentadas aos proxectos de lei, dende a CIG-Administración Autónoma levouse a termo unha completa axenda de contactos e reunións coa maioría dos grupos políticos presentes no Parlamento español aos que se lles fixo chegar as propostas da CIG, recibindo un especial apoio e comprensión por parte do BNG.

Dende CIG valóranse positivamente os encontros e a disposición de todos os grupos a reunirse coa representación do persoal empregado público na Galiza, máis insiste en que *“o único camiño de futuro é un servizo de incendios 100% público, único, profesional e estable, e cuxo persoal estea dotado duns maiores niveis de seguridade laboral para realizar o seu traballo nesta profesión tan perigosa”*. Cuestións estas que para *Zeltia Burgos* hoxe non se resolven nestes textos que *“son de todo insuficientes”*.

Quedan poucas semanas para que posiblemente se aborden (ou non) estas cuestións e as súas solucións no proceso de aprobación definitiva dos proxectos de lei finais no Parlamento español. En relación ás mesmas dende a nosa central sindical vaise insistir e loitar na mellora das condicións dos/as axentes ambientais e dos bombeiros/as forestais. Por iso *Zeltia Burgos* fai un chamado as traballadoras e traballadores do sector para que acompañen á CIG na defensa continua e inquebrantable dos nosos dereitos e melloras laborais.

**Ligazón ao Proxecto de Lei
básica de axentes forestais e
ambientais, 121/000146.**

**Ligazón ao Proxecto de Lei
básica de bombeiros forestais,
121/000147.**

Segundo o preámbulo destes proxectos de Lei:

“Coa aprobación da Constitución Española, as Comunidades Autónomas asumiron competencias na ordenación do territorio, os montes e aproveitamentos forestais, a xestión do medio ambiente, as augas, a pesca, acuicultura e caza, entre outras. Así mesmo, tamén se traspasou o persoal que formaba o Corpo de Gardería Forestal do Estado.”

“Con todo, existen distintos corpos, escalas, especialidades, así como agrupacións de funcionarios/as na estrutura territorial. Iso reflíctese en que existen axentes forestais e ambientais dependentes de administracións locais; a Escala de Axentes Ambientais de Organismos Autónomos adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; e outras categorías, corpos e agrupacións de funcionarios creados polas Comunidades Autónomas con distintas denominacións. Isto deu lugar ao desenvolvemento de distintas regulacións sobre este colectivo a nivel territorial, con variacións tanto nas súas funcións como nas súas facultades.”

“Tendo en conta esta situación, o obxecto destas leis é entre outros o establecemento dun réxime xurídico tanto para os/as bombeiros/as forestais como para os/as axentes forestais e ambientais independentemente da administración á que se atopen adscritos. A finalidade última manifestada no preámbulo das mesmas, reside en que tanto

os/as bombeiros/as forestais como os/as axentes forestais e ambientais desempeñen de forma axeitada os seus labores máis característicos, así como as de policía, custodia e vixilancia dos bens de natureza forestal e ambiental, ou incluso como axentes da autoridade no exercicio das súas funcións. E máis cando as súas funcións tamén inciden en ámbitos tan importantes como en materia de protección civil ou na cooperación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e outras administracións.”

En calquera caso sendo moitas as emendas presentadas tanto por partidos políticos como por organizacións sindicais, formulando cuestións de mellora ou discrepancia en materias tales como: conflito competencial por extralimitación e invasión de competencias doutras CCAA; melloras das

condicións laborais e medidas de prevención de riscos laborais; coeficientes redutores para adiantar a xubilación ou recoñecemento de enfermidades profesionais entre outras; poden estas rematar por reconfigurar co maior ou menor alcance os textos finais dos actuais proxectos de Lei básica, tanto dos bombeiros/as forestais, como dos/das axentes forestais e medioambientais.

Así as cousas, dende a Confederación Intersindical Galega a través de CIG-Autonómica da Federación de Administración Pública, fórmulanse unha serie de alegacións e reivindicacións de mellora en relación a estes dous proxectos de Lei que deseguido procedemos a expoñer e que no seu momento se presentaron en tempo e forma a modo de alegacións a estes proxectos de Lei.



POSICIÓN DA CIG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DO ESTATUTO BÁSICO DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Destacar que gran parte do texto do anteproxecto de lei queda nunha mera declaración de intencións, con numerosos aspectos demasiado difusos que adían para unha posterior regulación a posibilidade de desenvolver unha necesaría maior concreción. Parte das cuestións que no actual anteproxecto se consideran avances regulatorios, xa están reguladas na Comunidade Autónoma galega. Un exemplo sería que no noso País xa está recoñecida a categoría de bombeiro/a forestal para o persoal da Xunta de Galicia que desenvolve estas funcións dende o ano 2017 na correspondente relación de postos de traballo.

Ademais o obxecto e finalidade principal da norma non debería ser o de regular funcións. Unicamente se é o caso, describilas de forma xeral para situar o ámbito do persoal. A regulación de funcións é unha competencia propia da comunidade autónoma de Galiza en concordancia co noso Estatuto de Autonomía.

Coa intención de mellorar e enriquecer o texto do anteproxecto de forma que sexa útil e efectivo para os bombeiros e bombeiras forestais de Galiza dende a Confederación Intersindical Galega (CIG), realizamos as seguintes consideracións específicas repartidas en capítulos temáticos: seguridade e saúde laboral; xubilación; dereitos laborais; loita contra a precariedade; servizos públicos; igualdade; negociación colectiva; formación.

1. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Recoñecendo o avance que supón o regulamento de prevención de riscos laborais no prazo dun ano, non se establece de forma directa o recoñecemento de enfermidades profesionais, nin a protección da saúde en relación cos factores de idade e sexo.

É necesario que se leve a cabo a inclusión de todo o persoal con funcións efectivas do servizo de incendios forestais como bombeiros/as forestais, aínda tendo outra denominación a súa categoría e/ou escala laboral. Esta condición reflicte a realidade laboral dos diferentes corpos e categorías imprescindibles para o correcto funcionamento destes servizos.

Esta norma non ten senso se non artella claramente a protección da seguridade e a saúde do persoal bombeiro forestal nesta actividade de alto risco. Compartimos a necesidade de regular as enfermidades profesionais derivadas dos danos producidos polos riscos que non poden ser minimizados nin eliminados e que afectan aos nosos bombeiros e bombeiras. A este respecto propoñemos engadir na disposición final primeira “A listaxe de enfermidades profesionais que debería recoller como mínimo aquelas establecidas na Guía de valoración profesional da seguridade social, 3ª edición na súa referencia ao Código CNO- 11: 5932 BOMBEIROS FORESTAIS e que son as seguintes:

1. 2A01: Hipoacusia ou xordeira profesional por ruído.
2. 2B01 e 2B02: enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas.

3. 2D01: enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo.

4. 4H e 4I: enfermidades causadas pola inhalación de substancias de alto peso molecular (substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias encimáticas de orixe vexetal, animal e/ou de microorganismos) e substancias de baixo peso molecular (metais e as súas sales, pos de madeiras, produtos farmacéuticos, substancias químico plásticas, aditivos, etc.): rinoconxuntivite, asma, alveolite alérxica extrínseca, Síndrome de disfunción da vía aérea reactiva, fibrose intersticial difusa, neumopatía intersticial difusa, urticarias, anxioedemas e outras de mecanismo impreciso.”



2. XUBILACIÓN ANTICIPADA

A razón fundamental pola que poderíamos defender un marco lexislativo básico sería a xubilación anticipada directa (cunha idade máxima de xubilación) ou/e mediante coeficientes redutores para evitar os riscos laborais inherentes desta profesión co factor idade, mais non se fai de forma directa. Pérdese a oportunidade para ser ambiciosos/as no establecemento dos coeficientes redutores da xubilación como hai noutras categorías, corpos e

escalas e con efecto retroactivo para toda a traectoria profesional, xa que este anteproxecto limitase a enumerar a normativa de referencia.

Temos que lembrar que ao día de hoxe a seguridade social xa recoñece esta normativa nas súas resolucións como válida para parte do persoal do servizo de incendios, se estes teñen correctamente rexistrada a categoría de bombeiro/a forestal, pero non o fai con efectos retroactivos nin de oficio.

3. DEREITOS LABORAIS BÁSICOS

Os dereitos laborais deben negociarse no marco da negociación colectiva de cada administración pública, e non impoñelo cunha norma básica. Aínda por riba non se establecen unhas condicións mínimas de dereitos laborais do persoal bombeiro/a forestal que melloren as que hoxe temos os empregados/as públicos da comunidade autónoma galega e mesmo empeoran as previstas no Estatuto dos Traballadores. Este debería ser como mínimo a referencia, en ningún caso aceptamos o empeoramento dos dereitos como limitar o tempo de descanso entre xornadas. E tendo en conta isto, sorprende que nin sequera se tente recoller algunha medida que sirva para paliar a ausencia de medidas de conciliación para este persoal, que sofre en moitos casos continuos cambios de quenda.

Artigo 9: eliminar a referencia ao artigo 5 do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Ademais, hai que engadir no artigo 9 a seguinte redacción: *“Entendendo que é no marco das administracións públicas onde se deben negociar as condicións horarias do persoal bombeiro/a fores-*

tal, establécese unha limitación xeral no caso de incendio ou continxencia: tempo mínimo de descanso de doce horas entre xornadas.”

Igualmente atenderase ás seguintes premisas:

“a) En calquera caso, de existir os excesos de prolongación de xornada por enriba da xornada ordinaria en cada servizo, estes serán compensados conforme ao determinado na negociación colectiva.

b) As quendas de traballo ordinarias e as libranzas deberán quedar establecidas ao comezo do ano natural, así como as circunstancias sobrevidas de emerxencias graves que xustifiquen a desprogramación das quendas previamente establecidas. Devanditas quendas e libranzas acordaranse coa representación dos traballadores/as.”



Insistimos en que unha das cuestións máis graves para o persoal bombeiro forestal galego é que coa normativa de referencia que establece este proxecto de lei básica, se poida producir a posibilidade de reducir os seus períodos de descanso entre xornadas ata as 10 horas. Todos somos conscientes do perigo e esforzo físico que require esta actividade e, a eliminación de horas de descanso, especialmente en situacións e rexións de alta actividade incendiaria, vai conlevar un inaceptable incremento de sinistralidade.

4. REMATAR COA PRECARIIDADE LABORAL

A pesar de que este anteproxecto refírese á alta temporalidade e estacionalidade do colectivo do persoal bombeiro forestal, non achega solucións a este problema. Dende a CIG defendemos a necesidade de traballar os 12 meses do ano, cun servizo profesional de emerxencias completo no medio natural e rural, independentemente das condicións meteorolóxicas ou do número de incendios que se produzan nun momento determinado.

Este concepto de multi-emerxencia é a clave para ter un cadro de persoal estable e con carga de traballo durante todo o ano, ao que ademais se poderá formar e protexer mellor.

En relación co apoio a continxencias realizadas polo persoal bombeiro forestal en Galiza, debido á dispersión e distribución territorial, o Servizo de Incendios Forestais está estendido as 24 horas por todo o territorio. Así resulta efectivo e áxil, son os primeiros medios en chegar ás alarmas no ámbito forestal e rural e tamén para a realización dos labores preventivos e o mantemento de infraestruturas na loita contra o lume.

5. SERVIZOS PÚBLICOS CON PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO

Opoñémonos a que os servizos públicos de extinción de incendios forestais sexan xestionados con empresas privadas. A xestión privada afonda na precariedade laboral ademais de extraer un rendemento económico dos incendios forestais, e por tanto incentivan a súa continuidade. **Dende a CIG defendemos un servizo contra incendios forestais 100% público e con mando único. En consecuencia, o persoal bombeiro forestal ten que ser per-**

soal empregado público contratado directamente pola administración de referencia.

En consonancia co aquí disposto, propoñemos eliminar o artigo 10 e a disposición adicional primeira.



6. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO

Queremos deixar constancia que ao longo de todo o texto do anteproxecto da lei básica emprégase linguaxe sexista e deberíase utilizar unha linguaxe inclusiva, empezando polo título da norma.

Tampouco se fai referencia á necesidade de implementar medidas adicionais directas que compensen a forte infrarrepresentación feminina destes colectivos e o ambiente laboral historicamente masculinizado. Entendemos que a seguridade e saúde laboral debe ter unha perspectiva de xénero con especial importancia dos riscos psicosociais, á protección da maternidade e a maior sensibilidade da saúde das mulleres aos riscos tóxicos entre outros. A realización dun plan específico de igualdade efectiva entre homes e mulleres ten que vir acompañado dunha temporalización e ser de carácter obrigatorio para as diferentes administracións públicas.



Ademais debe asegurarse que o material de seguridade como os EPIS e outra uniformidade se adapte á morfoloxía feminina (roupa e calzado) e non se permita o uso xeral da marcame unisex, que é ao final roupa adaptada á morfoloxía masculina imposta ás mulleres. Dadas as especiais características do sistema de traballo dos bombeiros e bombeiras débese garantir o dereito efectivo da conciliación.

7. FALTA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

É falso que se realizaran consultas coas organizacións sindicais representativas, a CIG ostenta esta condición e non fomos chamados para o tratamento desta norma, iso a pesares de ter solicitado directamente ao *Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico* (MITECO) e a Mesa Xeral das Administracións Públicas a nosa convocatoria para poder negociar no que respecta ao persoal empregado público. Esta norma excede dunha normativa de ámbito xeral con cuestións que afectan directamente as funcións e condicións laborais básicas do persoal público, por tanto en-

tendemos que deben ser tratadas e negociadas no marco da Mesa Xeral de Negociación coas organizacións máis representativas.

8. FORMACIÓN

Un dos piares básicos da categoría profesional de bombeiro/a forestal debería ser unha formación ampla e axeitada.

Dende a CIG propoñemos que a formación específica deste persoal sexa en todo caso considerada como de PRL, e por tanto, debería ser sempre realizada en tempo de traballo podéndose esixir a participación de todo o persoal.

No que respecta á formación específica sobre a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito laboral, no caso de baixa ou permiso de maternidade, paternidade, acollida, adopción e lactación, así como nos períodos de suspensión de contrato por risco por embarazo e lactación, facilitarase a participación dos e das traballadoras nesta situación tendo en conta a protección da súa condición.



POSICIONAMENTO E ACHEGAS DA CIG AO “ANTEPROXECTO DE LEI BÁSICA DE AXENTES FORESTAIS/MEDIOAMBIENTAIS”

En relación ao actual anteproxecto, a CIG opónse a un texto de norma básica que regule o réxime xurídico dos/as axentes forestais de Galiza, cunha delimitación de ámbito e funcións que non se axusta á nosa realidade social e nacional, nin ás funcións que este persoal público realiza. En coherencia presentamos as seguintes achegas, co gallo de mellorar o texto proposto e non limitar as funcións actuais e o desenvolvemento daquelas que posibiliten un mellor servizo público, tendo en conta a necesidade prioritaria de axustar o ámbito e protexer as competencias propias do noso país.




ALEGACIÓNS DA CIG Á LEI BÁSICA DE AXENTES MEDIOAMBIENTAIS

1. Complementar e axustar o ámbito ou obxecto da lei para que abrangue as funcións que actualmente desenvolven os/as axentes forestais na Galiza, en relación á tutela e a xestión do medio natural e forestal, competencias e funcións estas que sobrepasan e superan as atribuídas por este anteproxecto estatal de lei, que unicamente establece ás de vixilancia, control e policía.

2. Resolver os conflitos de competencias en relación ás funcións específicas (art. 4) e eliminar na súa totalidade ou proceder á modificación do artigo 4.C, xa que en Galiza as funcións de dirección e coordinación de incendios son competencia dos/as axentes forestais (99%) e do persoal técnico do *Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais* de la Xunta (SPDCIF), sendo os servizos de emerxencias e protección civil os que auxilian e colaboran con este Servizo de Prevención da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

3. Valorar a singularidade de Galiza en canto á súa distribución territorial e ao sistema de propiedade dos montes nos que se mesturan, coas actividades agrarias e forestais, os núcleos rurais, conformando unha unidade indivisible a nivel de xestión do medio rural. Gran parte do monte é de carácter comunal, cunha responsabilidade pública no que se refire á defensa e protección por parte da administración autonómica e os seus axentes. Estas competencias de acompañamento, asesoramento, educación e tutela na xestión das actividades son tamén funcións dos/as axentes forestais de Galiza e cremos que son unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento do rural. A maiores tamén se actúa no control de subvencións de obras e noutros plans que se executan no medio natural, así como nos aproveitamentos forestais.

4. Ter en conta a función directa dos/as axentes na coordinación de incendios forestais, exercendo a dirección técnica de extinción do 99% dos máis



de 4.000 incendios que hai de promedio ao ano en Galiza. Imposibilitar a destrución do sistema público de prevención e extinción de incendios forestais (SPDCIF) planificado no PLADIGA. Eliminar no texto da lei a subordinación ou a colaboración con outros servizos, xa que en Galiza o sentido de traballo é o inverso ao contemplado no (art4.C).

5. Potenciar e regular a aplicación dos coeficientes reductores para a xubilación do persoal axente forestal.

6. Estruturar un réxime xurídico básico que protexa a seguridade e saúde destes funcionarios/as públicos, cun número máximo de horas de garda no campo; eliminando o traballo en situación de illamento; establecendo a segunda actividade para maiores de 55 anos; promovendo plans formativos en seguridade, etc. Dando contido de execución directa ao artigo 12.

7. Instar a realización dun estudo para o desenvolvemento dun catálogo específico de enfermidades profesionais deste colectivo.

8. Estabelecer unha disposición na norma ou sistema que permita recoller as proteccións recollidas nas normativas de corpos ou escalas de bombeiros

forestais, por razón de funcións de coordinación na extinción de incendios, e a aplicación directa daquelas que melloren os dereitos laborais.

9. Nos casos de infrarrepresentación feminina propoñemos políticas activas para facilitar o acceso de mulleres ao corpo e escala; garantías para fomentar a igualdade mediante dereitos de conciliación potenciando a flexibilización fronte á redución de xornada e garantir o dereito á uniformidade e material adaptado a ambos os sexos. Para a consideración da porcentaxe de infrarrepresentación feminina deberase ter en conta a situación de illamento ou posto en unidades territoriais como o ámbito de traballo amplamente masculinizado.

10. Asegurar a aplicación da normativa de dereitos dos empregados/as públicos, como licenzas e permisos, vacacións, conciliación, horario máximo semanal e anual, descanso mínimo semanal, medidas de conciliación laboral, familiar e persoal.

En relación ás demandas da CIG Autonómica para este persoal funcionario dependente da Xunta de Galicia, preséntanse os seguintes anexos explicativos en materia de segunda actividade, xubilación anticipada, seguridade e saúde e outras medidas de apoio.

ANEXO I: SEGUNDA ACTIVIDADE

A segunda actividade é unha situación administrativa especial na que pode atoparse o persoal funcionario das escalas de axentes forestais que pola súa idade ou estado de saúde, non se atopen capacitados para o desenvolver algunhas das tarefas específicas do servizo, prestando outro tipo de servizo na Consellería na que está adscrito nese momento.

A situación de segunda actividade considérase para todos os efectos como de servizo activo, será en todo caso voluntaria para o persoal que teña cumpridos os 55 anos.

Especificacións retributivas. Na situación de segunda actividade terase dereito á percepción das seguintes retribucións:

- a) A totalidade das retribucións básicas e complementarias que se viñan percibindo antes do pase a esta situación. No caso de que o posto que pasen a ocupar teña asociados complementos retributivos de diferente importe aos que se viñeran percibindo, terán dereito, en todo caso, aos de maior contía.
- b) As retribucións ou complementos de carácter persoal que teñan recoñecidos.
- c) Aquelas compensacións económicas que se poidan determinar para os postos que o funcionario ou funcionaria nesta situación este a desempeñar.

ANEXO II: COEFICIENTES REDUTORES PARA A XUBILACIÓN ANTICIPADA

As administracións públicas deben instar, perante as autoridades competentes, o estudo específico para aplicar o Real Decreto 1698/2011 á maior brevidade posible para axilizar a aplicación destes coeficientes redutores, evitando o perigo inherente en función de idade así como as mortes prematuras debidas ao traballo na escala/corpo de axentes forestais.

Explicación e xustificación para os/as axentes de Galiza en relación ás súas funcións:

As especiais características de penosidade, toxicidade e perigosidade das funcións destes axentes

fan necesaria a regulación dunha segunda actividade cando as condicións persoais da persoa traballadora restrinxen ou limitan a súa capacidade para a realización de determinadas funcións que constitúen un maior risco laboral (...). Por iso mesmo é necesario impulsar a aplicación de coeficientes redutores para permitir unha xubilación máis temperá, o mesmo que acontece cos traballadores/as do réxime especial do mar, bombeiros/as ou a policía local.

O Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, establece con claridade os supostos de aplicación entre os que, ao entender da CIG, se atopan as escalas de axentes forestais/axentes medioambientais por razón das funcións e as condicións de traballo, recoñecidas polas avaliacións de riscos laborais, regulamento de funcións e aplicación do complemento salarial en forma de “complemento específico especial axentes” nos que se recollen os pluses por perigosidade, penosidade, turnicidade, toxicidade e especial responsabilidade deste persoal funcionario.



De ser necesario un estudo específico para aplicar o real decreto 1698/2011 das especiais condicións laborais en canto a penosidade, toxicidade, insalubridade e perigosidade nas escalas de axentes forestais e medioambientais debido ao incremento do índice de sinistralidade, morbilidade e mortalidade, ou ben aos requirimentos psicofísicos que a partir de determinadas idades levan a un incremento da sinistralidade directa ou inducida. Neste último caso destacar que a falla de condicións adecuadas na dirección de extinción de incendios forestais pode pór en perigo aos bombeiros/as forestais (a quen dirixen) e á cidadanía que colabora e participa na extinción.

Así, a iniciación do expediente referido é competencia tamén da empresa como indica o artigo 10 do Real Decreto, e que neste caso corresponde á Xunta de Galicia. Por iso dende a CIG solicitamos a actuación da Xunta de Galicia para que promova os cambios normativos pertinentes no caso de ser necesario.

Este Real Decreto, polo que se establecen os coeficientes redutores na idade de xubilación, xa se desenvolve, de xeito semellante ao que solicitamos para as escalas de axentes forestais e facultativos medioambientais, no Acordo de xuño de 2017 a favor dos/as Policía Locais ao servizo das administracións municipais.



ANEXO III. ENFERMIDADES PROFESIONAIS E SAÚDE LABORAL

Dende a CIG propoñemos o desenvolvemento e estudo dun cadro de enfermidades profesionais en base ás seguintes cuestións:

Os axentes forestais atópanse sometidos a riscos específicos propios do ambiente laboral; derivados do material necesario para a realización do traballo; do medio onde se realizan as actividades propias, así como as enfermidades profesionais que poden ser consecuencia dos seguintes riscos:

- 1. Ambiente laboral:** a) Inhalación de po, fumes, gases e vapores; b) Exposición a substancias carcinóxicas; c) Exposición a ambientes térmicos ou luminosos inaxeitados; d) Exposición a substancias sensibilizantes.
- 2. Riscos psicosociais:** Responsabilidade. Estrés por conflitos con persoas e/ou grupos.
- 3. Riscos derivados do material e ferramentas de traballo:** a) Posturas forzadas, posturas mantidas no tempo, manexo de cargas; b) Manexo de vehículos; c) Utilización de máscaras.
- 4. Circunstancias específicas do medio laboral:** a) Traballo a quendas; b) Traballo de especial perigo; c) Traballos á intemperie.

As enfermidades profesionais derivadas da actividade de axente forestal como mínimo deben incluír as seguintes: hipoacusia ou xordeira profesional por ruído; enfermidades osteoarticulares; enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades causadas por inhalación de substancias de alto peso molecular (substancias de orixe vexetal,

animal, microorganismos e substancias enzimáticas de orixe vexetal, animal e/ou microorganismos); substancias de baixo peso molecular (metais e as súas sales; po de madeira, produtos farmacéuticos, substancias químicas plásticas, aditivos, etc.); rinoconxuntivite; asma, alveolite alérxica extrínseca, síndrome de disfunción da vía aérea reactiva (EPOC), fibrose intersticial difusa, neumo-patía intersicial difusa, urticarias, anxioedemas e outras de mecanismo impreciso.

Así mesmo, todas aquelas outras enfermidades que se poidan derivar do desempeño das funcións recollidas no Real Decreto 1999/1299/2006 do 10 de novembro.

ANEXO IV. IGUALDADE, PROTECCIÓN E MEDIDAS DE CONCILIACIÓN

No caso de que no cadro de persoal de axentes forestais exista infrarrepresentación feminina deben adoptarse medidas de acción positivas no acceso ao corpo/escala.

Estabelecer garantías e melloras dos dereitos de conciliación dos traballadores e traballadoras, como a posibilidade de flexibilizar a xornada de traballo para o persoal con fillos e fillas menores de 14 anos, ou familiares dependentes ao seu cargo do mesmo xeito que o resto do persoal empregado público.

Garantir que teñan os mesmos dereitos en materia de conciliación, horario máximo anual e outros dereitos do mesmo xeito que o resto do persoal empregado público.

Promover o coñecemento por parte do persoal dos protocolos de actuación nos casos de acoso sexual e/ou moral.

Debido á existencia nestes postos de riscos para o embarazo e a lactación, terase previsto o cambio de posto ou a suspensión por risco da traballadora, adoptándose as medidas necesarias de inmediato, como por exemplo a non realización de traballo nocturno ou a quendas.





Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. www.cigsaudelaboral.org



Gabinete Técnico Confederal de
Saúde Laboral. Ferrol.
Rúa Eduardo Pondal 41/43, entrecán
15403 Ferrol
Tlf: 981 359 449. Fax: 981 359 449
saudelaboral@galizacig.net

